

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE MARZO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta de marzo de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)

D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado

D. José Ramón Lorenzo Carou

D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

### **Grupo municipal SON de Bergondo-Anova**

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

D. Eloy Babío Veiga (abandonou a sesión ao comezo do punto 11, ás 22:00)

### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo (voceira)

D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D.<sup>a</sup> Noelia Fernández Ventureira (voceira) (incorpórase no debate do punto 5, antes da votación, ás 20:44)

D. José Angel Vieiro Amor

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas

### **Non asiste:**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos.

### **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2017.
2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2016.
3. DAR CONTA DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 10 DE OUTUBRO, 4 DE NOVEMBRO E 2 DE DECEMBRO DE 2016, E DA COMISIÓN XESTORA DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2016, DO CONSORCIO DAS MARIÑAS.

4 APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO A 31 DE DECEMBRO DE 2016 DOS USUARIOS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2016, PRIMEIRA FASE. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS Á RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN DE SANEAMENTO DE SANTA MARTA-ROIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6 RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE Á FUNCIONARIA MUNICIPAL DONA MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CO DE CONCELLEIRA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR PARA A CONVOCATORIA DUNHA COMISIÓN DE VERTIDOS E A TOMA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URXENTE NAS PRAIAS DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

8. CORRECCIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

10. ASUNTOS URXENTES.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

## **1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2017.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de febreiro, a través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión do día vinte e tres (23) de febreiro de 2017, por unanimidade de votos a favor (once), apróbase a referida acta.

## **2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2016.**

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio 2016 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía núm. 206/2017 de 9 de marzo, polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrito literalmente di:

**"DECRETO APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2016**

A Intervención municipal realizou a Liquidación de gastos e ingresos do orzamento municipal deste concello, correspondente ó exercicio de 2016, cumprindo o previsto no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía **R E S O L V E**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación de gastos e ingresos do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2016, e que mostra o seguinte resumo:

**A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2016.**

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	5.868.864,74	4.501.632,42		1.367.232,32
b.- Operacións de capital	441.006,51	1.061.219,80		-620.213,29
<b>1. Total operacións non financeiras (a+b)</b>	<b>6.309.871,25</b>	<b>5.562.852,22</b>		<b>747.019,03</b>
c) Activos financeiros	4.426,31	8.253,82		-3.827,51
d) Pasivos financeiros	0	0		0
<b>2. Total operacións financeiras (c+d)</b>	<b>4.426,31</b>	<b>8.253,82</b>		<b>-3.827,51</b>
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I=1+2)</b>	<b>6.314.297,56</b>	<b>5.571.106,04</b>		<b>743.191,52</b>
<b>AXUSTES</b>				
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			707.893,22	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			214.450,95	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			314.045,62	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)</b>			<b>608.298,55</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>1.351.490,07</b>

**B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERÍA.**

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. Fondos líquidos		5.640.235,05
2. Dereitos pendentes de cobro		14.756,76
+ do orzamento corrente	0	
+ de orzamentos cerrados	0	
+ de operacións non orzamentarias	14.756,76	
3. Obrigas pendentes de pago		476.809,45
+ do orzamento corrente	266.435,60	
+ de orzamentos cerrados	0	
+ de operacións non orzamentarias	210.373,85	
4. Partidas pendentes de aplicación		-19.176,86
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.176,86	
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)</b>		<b>5.159.005,50</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		
III. Exceso de financiación afectada		60.155,08
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b>		<b>5.098.850,42</b>

**C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2016.**

- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente..... 0 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 266.435,60 euros.

**D) REMANENTES DE CRÉDITO.**

- Comprometidos..... 822.244,17 euros.
- Non comprometidos.....1.194.020,80 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2016 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado - Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais. En Bergondo, na data que figura na marxe"

O Pleno queda enterado.

### **3. DAR CONTA DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 10 DE OUTUBRO, 4 DE NOVEMBRO E 2 DE DECEMBRO DE 2016, E DA COMISIÓN XESTORA DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2016, DO CONSORCIO DAS MARIÑAS.**

Dáse conta aos/ás asistentes das actas indicadas neste punto da Orde do día, que foron remitidas por correo electrónico aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno quedan enterado.

### **4 APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO A 31 DE DECEMBRO DE 2016 DOS USUARIOS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de marzo de 2017, que transcrita literalmente di:

"A concesión administrativa da xestión dos servizos públicos de subministración de auga potable, e rede de saneamento e de depuración de augas residuais do Concello de Bergondo coa mpra Aquagest S.A., comenzou a súa prestación o 1 de xullo de 2002.

A empresa Aquagest S.A. cambiou a súa denominación por Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U. segundo consta na documentación presentada neste Concello. A citada empresa presentou o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2016 dos usuarios deses servizos, con número de rexistro de entrada 1489 do 20 de febreiro de 2017, todo isto en cumprimento das cláusulas 21ª e 27ª do prego de cláusulas económico-administrativas da citada concesión.

Por todo isto propónse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2016 dos usuarios do servizos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, con número de rexistro de entrada neste concello 1489 do 20 de febreiro de 2017 e que comenza no folio número 2 con A. Taibo S.L. e remata no fólío número 35 con Zitacuaro 2000 S.L. ámbolos dous inclusive.

**Segundo:** Que se expoña ó público no taboleiro de edictos deste concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan formular as reclamacións pertinentes. Faise constar que no caso de que non se presenten reclamacións entenderase aprobado definitivamente.

Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente."

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa: como todos os anos tráese o Padrón actualizado.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. voceira de VB: eu pregunteille na Comisión informativa a cuestión das facturas, e creo que é bo que llo volva a preguntar para que conste na acta; vimos facturas de veciños onde se lles recolle e se lles está cobrando a depuración sen ter contratada e ter feita a obra, é dicir, sen estar usando o servizo; vostede dicíame que non había problema, que a Ordenanza así o recolle e que se lles pode cobrar, que está perfectamente correcto, verdade?

Sra. alcaldesa: si, de todas formas estráñame que haxa algún caso aínda ao día de hoxe que estea así, pero efectivamente así se recolle na Ordenanza, a obrigatoriedade da conexión e que cando non se fai esa conexión se pode dar de alta de oficio; se lle informa previamente.

Sra. voceira: e evidentemente se lle cobra...

Sra. alcaldesa: claro

Sra. voceira: só quería iso, grazas.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **5. PLAN DE SANEAMIENTO MUNICIPAL 2016, PRIMEIRA FASE. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS Á RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN DE SANEAMIENTO DE SANTA MARTA-ROIS. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de marzo de 2017, que transcrita literalmente di:

"O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria do 30 de xuño 2016, aprobou definitivamente o Plan de saneamento municipal 2016, primeira fase, que inclúe os proxectos: Proxecto de Colector Moruxo-Fiobre; Proxecto de Saneamento de Vixoi-San Vitorio (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), e Proxecto de Saneamento de Santa Marta-Rois (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), incluíndo nos mesmos os Anexos de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación levaba anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe nos Anexos aos proxectos respectivos, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación; declarar expresamente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxas relacións concretas individualizadas aprobábanse definitivamente e publicar e notificar o presente acordo consonte co disposto no artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa e no artigo 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

O devandito acordo publicouse no BOP núm. 129 do 08.07.2016 (corrección de erros no BOP núm. 132 do 13.07.2016), no diario El Ideal Gallego da mesma data, e nos taboleiros de edictos da sede electrónica municipal e do Concello. A notificación edictal practicouse mediante anuncio inserido no Boletín Oficial do Estado do 12 de agosto de 2016. O citado acordo plenario corrixiuse

debido a un erro aritmético na sesión plenaria ordinaria do 29.09.2016, e publicouse a corrección do erro no BOP núm. 194 do 13.10.2016.

Con data 05.01.2017, dona María Aranzazu Concheiro Guerrico, presenta escrito no que solicita unha modificación dos bens debido a unha discrepancia entre os datos recollidos e os bens realmente afectados. A relación de bens que figuraba na definitiva aprobada polo Concello o 30.06.2016, era:

**Relación de bens que figuran afectados na finca nº 1 :**

110 m2 ocupación temporal solo rústico- labradío/prado.

38 m2 servidume solo rústico- labradío/prado.

O citado escrito elevouse á perito da administración á enxeñeira técnica en obras públicas, Romina Carbajales Pernas, da empresa Estudio Técnico Gallego S.A., para os efectos de emisión de informe. En informe do 13 de febreiro de 2017, persoada no terreo, informa que obsérvanse que resultan afectados a maiores dos recollidos, os seguintes bens e dereitos:

20 m2 soleira de formigón

5 ud prantas de xardín

26 ml tubería polietileno ( 32mm)

4 ud aspersores

5 ud tuías

22 ud hortensias

4 m2 cañaverl

Considerando que a Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 recoñece o dereito a indemnización pola privación singular da propiedade privada ou de dereitos e intereses patrimoniais lexítimos acordada imperativamente. De acordo co artigo 17 desa Lei no expediente haberá de constar unha relación concreta e individualizada, na que se describan en tódolos aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que se consideren de necesaria expropiación.

Tendo en conta a solicitude presentada e a comprobación efectuada pola perito que en informe do 28.02.2017, propón: "*Efectuar a rectificación correspondente, e na súa consecuencia, considerar a superficie e bens efectivamente afectados na finca núm. 1 do plano parcelario os seguintes: 110 m2 ocupación temporal solo rústico- labradío/prado, 38 m2 servidume, solo rústico- labradío/prado, 20 m2 soleira de formigón, 5 ud. plantas de xardín, 26 ml. tubería, polietileno (32mm), 4 ud. aspersores, 5 ud. tuías, 22 ud. hortensias, e 4m2 canaverl.*"

Tal como consta no informe emitido, procede modificar os bens que figuran relacionados no Proxecto de saneamento de Santa Marta-Rois; á vista do que, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Modificar a relación dos bens e dereitos da finca núm. 1 afectados pola expropiación do Plan de saneamento municipal 2016, primeira fase. Proxecto de Saneamento de Santa Marta-Rois, de acordo co que se indica: Finca nº: 1; propietario/s: María Aranzazu Concheiro Guerrico; referencia catastral, polígono 28, parcela 64, debendo recollese na devandita finca do plano parcelario ao obxecto da expropiación os seguintes bens:

110 m2 ocupación temporal solo rústico- labradío/prado

38 m2 servidume solo rústico- labradío/ prado

20 m2 soleira formigón

5 ud prantas de xardín

26 ml tubería polietileno ( 32 mm)

4 ud aspersores

5 ud tuías

22 ud hortensias

4 m2 cañaverl

Quedan modificados os bens obxecto de expropiación e indemnización que son os que se indican neste punto.

**Segundo.** Publicar e notificar o presente acordo consonte co disposto no artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa e no artigo 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

**Terceiro.** Facultar a alcaldesa-presidenta tan amplamente como proceda en dereito, para levar a cabo as actuacións subseguintes no expedientes de expropiación forzosa do Plan de saneamento municipal 2016, primeira fase: Proxecto de Colector Moruxo-Fiobre; Proxecto de Saneamento de Vixoi-San Vitorio e Proxecto de Saneamento de Santa Marta-Rois (Sistemas Xerais de Saneamento. Concello de Bergondo).

Bergondo, 20 de marzo de 2017. A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como comentaba o outro día, recóllense as alegacións feitas pola titular da finca, e modificamos o acordo nese sentido.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. voceira de VB: esta modificación vai implicar retraso nestas obras?

Sra. alcaldesa: estas obras aínda nin sequera teñen crédito.

Sra. voceira: entón eu lle pregunto, cando se fixo o primeiro informe e se fixeron as actas, non se observaron estes bens?

Sra. alcaldesa: non, porque senón xa estarían contemplados.

Sra. voceira: vinte metros cadrados de formigón, se ven.... será que non foron ás fincas...

Sra. alcaldesa: obviamente se non estaban contemplados será porque non se observaron....

Sra. voceira: non se observaron ou non se foi ás fincas...

Sra. alcaldesa: loxicamente ao interior das fincas non, e precisamente por iso o procedemento xa ten previsto por un lado as alegacións neste punto, e logo incluso posteriormente.

Sra. voceira: eu moito me temo que isto indique que cando se fixeron os primeiros informes non se fixeron ben.

Sra. alcaldesa: e ao mellor non, porque senón realmente non estaríamos falando desta pequena modificación, senón que estaríamos falando doutro tipo de alegacións e de modificacións, probablemente....

Sra. voceira: insisto, vinte metros cadrados é case a metade deste salón....

Sra. alcaldesa: e eu tamén lle insisto

Sra. voceira: ben grazas....

*A sra. Fernández Ventureira incorpórase á sesión no debate do presente punto 5, sendo as 20:44h.*

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **6 RECOÑECIMIENTO DE COMPATIBILIDADE Á FUNCIONARIA MUNICIPAL DONA MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CO DE CONCELLEIRA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de marzo de 2017, que transcrita literalmente di:

"Visto o escrito de dona María Pardo Fafián, con núm. de rexistro de entrada 6953 do 13.09.2016, no que logo de expoñer que, previsiblemente o 29 de setembro de 2016, tomará posesión do cargo de concelleira no Concello de Sada, solicita a realización da súa xornada de traballo neste Concello, consonte co disposto no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Bergondo, en horario de luns a venres de 8:30 a 15:00 horas e os xoves de 15:15 a 17:45 horas; indica cal será o seu horario, como concelleira con adicación parcial no Concello de Sada e solicita ao Concello de Bergondo que informa ao Concello de Sada do horario que realizará neste concello, así como das súas retribucións brutas anuais, que percibe polo desempeño das súas funcións, e se así o considera o concello de Bergondo, declare a compatibilidade para o desempeño do cargo de concelleira do Concello de Sada.

Acreditada perante este concello a súa condición de concelleira do Concello de Sada mediante escrito do 21.10.2016; e comunicado polo Concello de Sada o horario que desempeñará na súa condición de cargo electo con réxime de adicación parcial, mediante escrito do 15 de novembro de 2016, con núm. de rexistro de entrada 9053 do 17.11.2016; e as súas retribucións no devandito concello, mediante escrito do 23 de xaneiro 2017, con núm. de rexistro de entrada 616 do 6.01.2017. Outorgada por Resolución desta alcaldía núm. 1139/2016, do 16 de novembro, a modificación da xornada de traballo solicitada pola funcionaria municipal, e notificado ao Concello de Sada o 16.11.2016, con núm. de rexistro de saída 5166 o seu horario e retribucións no Concello de Bergondo.

Considerando, en canto á adicación parcial, que tanto o art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ambos na redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, permiten compatibilizar o desempeño do cargo electivo co que teñan como funcionario, sempre que o cargo electivo se realice fora da xornada normal no posto principal (funcionario) e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia; ao estar diante do desempeño de dous cargos no sector público, é dicir, comprendidas nas actividades públicas a que se refire o Capítulo II da Lei 53/1984, (arts. 3 a 10) é de aplicación o artigo 3.1, que no seu segundo párrafo establece que para o desempeño dunha segunda actividade <<...Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de la jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos...>>; polo que o exercicio do citado cargo, non poderá, en ningún caso, afectar á xornada ordinaria de traballo no Concello de Bergondo da solicitante, condicionada, en todo caso, ao estrito cumprimento da devandita xornada.

Considerando que o citado acordo corresponde adoptalo ao Pleno do Concello, segundo se indica no artigo 9 da Lei 53/1984, e artigo 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previa comunicación por parte do Concello de Sada dos datos referidos no artigo 5.2 da devandita Lei.

En relación á excepción regulada no artigo 5.1.b) da Lei 53/1984, o artigo 5.2 establece: "2. En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 da la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su



*caso. La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas."*

Polo tanto, o desempeño de tal dedicación será fora da xornada de traballo neste concello, dentro da sinalada como xornada de traballo no concello de Sada (publicada no BOP núm. 19 do 27.01.2017), como indica o artigo 5.1.b) da Lei 53/1984. Ao non poder afectar á xornada normal de traballo neste concello, só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación do secretario do concello, convocatoria da sesión, hora de comenzo e remate das devanditas sesións. De producirse algún cambio deberá comunicalo de inmediato, incurrido en responsabilidade de non facelo así.

Polo tanto, vista a lexislación aplicable, propónse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Recoñecer a dona María Pardo Fafián, funcionaria do Concello de Bergondo, a compatibilidade para o desempeño do cargo de concelleira en réxime de dedicación parcial do Concello de Sada, con expresa advertencia de que para o exercicio do citado cargo, deberá desempeñar tal dedicación fora da xornada de traballo no Concello de Bergondo da solicitante e condicionada ao cumprimento da mesma, no horario seguinte: luns, martes e mércores, de 16:00 h a 20:00 h.; xoves de 18:00 h. a 21:00 h.; e venres de 16:00 h. a 21:00h., segundo se reflicte na documentación remitida por dito Concello.

**Segundo.** Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo, fora da xornada normal do seu posto principal e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes como funcionaria pública municipal.

A estes efectos só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación do secretario do concello, convocatoria da sesión, hora de comenzo e remate das citadas sesións.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á peticionaria e ao Concello de Sada, para os efectos oportunos e proceder á súa publicación nos termos requiridos na lexislación de transparencia.

Bergondo, 20 de marzo de 2017. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como lles comentaba o outro día, e dado que xa se sobreentende na propia proposta, o horario que se propón para adicar en Sada, e o horario que se propón en Bergondo son compatibles, é polo que a proposta se fai no senso favorable; insistindo, iso si, en que se deben cumprir os horarios que a solicitante dixo que tería no Concello de Bergondo. E iso tamén, cos condicionantes en caso de ausencias de órganos colexiados, cos xustificantes que aquí mesmo se indican.

Comentaba o outro día tamén o motivo de estar tratando este tema no Pleno de marzo, é que ten que haber, como se di tamén na propia proposta, unha serie de intercambio de información entre ambas Administracións, unha vez que iso se fixo a finais de xaneiro, é certo que no Pleno de febreiro estabamos centrados, como dixen o outro día, no tema do POS, se trae a proposta agora en marzo aínda que este horario xa se ven realizando desde que redactou o propio decreto de Alcaldía.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: creo que está vostede obviando, dentro do que nos conta, que hai un requirimento a este acordo plenario, e a verdade estamos ante un caso de compatibilidade dun funcionario público, que a lei obriga que se ratifique en Pleno, o que parecía un mero trámite parece que se está convertendo nunha absoluta discrepancia.

Un funcionario municipal deste concello exerce un cargo público nun concello limítrofe, crúzanse, como aquí se dixo, entre ambas institucións unha serie de comunicados referentes a horarios e obrigas de dito traballador, pero aquí polo que parece, o concello limítrofe estalle encomendando a este funcionario unhas tarefas e responsabilidades políticas que esixen unha dedicación que esta persoa non ten sen prexudicar ao outro concello.

A ver, eu creo que é un problema que non pode vir desta maneira a pleno, a que se ratifique, que terían antes que dirimilo entre ambas institucións, supoño que ambas institucións, supoño non o sei... teñen xuristas que deben poder alcanzar un acordo, creo que a lei si que admite moitas interpretacións, pero en ningún caso pode ser contradictoria, entón eu..., é unha decisión qué, polo menos no meu caso, non teño nin coñecementos nin capacidade de ningún tipo para poder interpretala, e, en consecuencia, o meu voto vai ser a abstención.

Sra. alcaldesa: só un par de matizacións, recurso non o hai ao acordo plenario, o haberá despois de que adoptemos o acordo plenario, obviamente non pode haber un recurso anterior, haberá un recurso a un decreto da Alcaldía.

Pero non hai incompatibilidade en canto aos horarios, de feito se manifesta, en Bergondo de luns a venres de oito e media a tres, e os xoves de tres e cuarto a seis menos cuarto, e o horario que se establece en Sada é luns, martes e mércores..., o aprobaron no Pleno de Sada, de catro a oito, xoves de seis a vinte e unha horas, e venres de catro a vinte e unha horas; obviamente nós o que se aprobe no Concello de Sada con tal de que non interfira no Concello de Bergondo..., e os horarios non son coincidentes.

Sra. concelleira: claro, por suposto...

Sra. alcaldesa: e qué me daba a sensación de que vostede dicía que nós tiñamos que poñer de acordo...

Sra. concelleira: non, non...

Sra. alcaldesa: as Administracións nos horarios, precisamente os horarios non coinciden e non...

Sra. concelleira: o que eu dixen é que houbo un cruce de información con horarios e todo o demais...

Sra. alcaldesa: si.

Sra. concelleira: pero parece..., e vostede dime que non hai un recurso presentado por este traballador...

Sra. alcaldesa: non, digo que o recurso non é ao acordo plenario porque o acordo plenario aínda non está feito.

Sra. concelleira: pero hai un recurso desta persoa...

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: non está de acordo coa interpretación que se fai ...

Sra. alcaldesa: no decreto da Alcaldía, é certo.

Sra. concelleira: e eu o que digo que vostede dime qué o decreto de Alcaldía faise conforme a un artigo, e a persoa interesada di conforme a outro artigo; eu non entendo de leis, pero entendo que isto ten que estar claro dalgunha maneira, qué artigo é o que se aplica e cal é o que non se aplica.

Creo que esta señora no seu recurso o que di é que ten outras competencias que ten que levar a cabo nese concello, qué tal e como está o decreto da Alcaldía, non se lle permite levalas a cabo. Entón eu me pregunto, como é que o Concello de Sada lle dá unhas competencias que logo non pode levar a cabo porque non ten ese tempo..., non o sei...; quero dicir que é unha incongruencia total. E é algo que creo que non debemos de decidir profanos; isto a lei será igual para todos e haberá que ver cal é o artigo en cuestión que hai que aplicar e todo o demais, e xa está; e senón buscarlle outra solución, pero non que a lei en Bergondo sexa dunha cor e en Sada doutra, a mesma lei..., non sei..., non entendo de leis, xa lle digo.

Non quero entrar mais a este tema, o meu voto vai ser abstención porque non me queda claro que o que se pretende.

Sra. voceira do PP: si é certo que existe esa compatibilidade entre os horarios laborais entre o concello de Bergondo e o Concello de Sada, e que tamén é certo que debe haber un intercambio de información entre ambas Administracións; a nós non nos queda tampouco claro o expediente e esa reclamación que hai por parte da traballadora, entón o noso voto vai ser abstención.

Sra. voceira de VB: eu lle preguntaba na Comisión informativa se xa resolvera o recurso de reposición que interpón ela contra a resolución de novembro, o recurso de sete de marzo, díxome que non o resolvera o recurso do sete de marzo, díxome que non o resolvera; a data de hoxe xa o resolveu?

Sra. alcaldesa: non, o que entendemos é que o que se deberá recorrer é o acordo plenario, o de hoxe.

Sra. voceira: se entende iso, nada lle custa contestar a ese recurso de reposición neses termos, creo que non lle custa nada....

Sra. alcaldesa: nada lle custa o di vostede....., ao final é unha cuestión de tempo tamén, como tantas veces lle teño dito referido a outros temas...

Sra. voceira: non ten tempo a contestar que isto é unha cuestión que ten que interpoñer contra o acordo plenario?, mire o que tardou en dicilo, seguro que en escribilo non se tarda moito mais.

Paréceme que isto pasa como noutras cuestións, despois veñen os contenciosos señora alcaldesa, logo nos interpoñen demandas, temos que pagar avogados e procuradores co diñeiro de toda a xente de Bergondo, e temos moitos contenciosos por inacción, por inactividade; e mire, que os teñamos porqué nós equivocamos pois ben, pero que os teñamos porqué non queiramos contestar non me parece, porqué efectivamente desde a semana pasada a esta pasou unha semana, non tivo tempo, pero esta señora interpuxo un recurso o sete de marzo, e estamos a día trinta, eu penso que para dicirlle que non procede o seu recurso non fai falta moito tempo.

Iso por un lado, por outro, ata onde chego a entender, a cuestión está en qué esta señora o que está solicitando é poder levar a cabo tanto a súa función como funcionaria pública no Concello de Bergondo, como a súa función como concelleira en Sada, que tan importante é para a cidadanía unha como a outra, sen poñer unha por diante da outra.

A lei, no artigo que ela lle alega no recurso, que é o mesmo que vostedes poñen e que avala a súa resolución, o setenta e cinco, dálle a posibilidade de solicitar tamén a atención ás súas delegacións, o tempo necesario para as delegacións que lle outorgou o Concello de Sada, e vostede iso non llo quere poñer na súa resolución, é ata onde eu entendo que aí está a discrepancia.

A lei dío; vostede non quere incorporar ese parágrafo á súa resolución, evidentemente estou segura de que ela o pode alegar cando o crea necesario, e seguramente se lle acabará concedendo, pero é unha pena que teñamos que...

é unha pena, porqué por non poñer unha frase....sóame un pouco a qué.... non sei que pode haber detrás para que vostede non o queira poñer.....

Sra. alcaldesa: non, non hai nada detrás, simplemente o único que hai é unha defensa clara, neste caso, igual que fai o Concello de Sada, que prioriza no seu recoñecemento e de feito leo, *que o recoñecemento da compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleiro delegado e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira*; é dicir, o que fai Bergondo é realmente o mesmo que fixo Sada, é dicir, eu tampouco entendo porqué debería ser menos cando realmente aquí o que se está solicitando precisamente é o mesmo, é o cumprimento dun horario laboral. Ben, para ese tipo de adicacións, en todo caso haberá outro tipo de permisos, se ben solicitar días de asuntos propios.... acórreseme..., esa xa é unha cuestión que lle incumbe exclusivamente á persoa en concreto, o que estamos defendendo por enriba de todo os intereses do Concello de Bergondo, para que o que non se produza sexa realmente unha ausencia do posto de traballo mais que nos termos autorizados, que, loxicamente como non podería ser doutro modo, no teñen ningún problema.

Non é que non creamos que a condición de concelleiros sexa menos importante, e menos nós, precisamente menos nós, pero vémonos na obriga de defender os intereses de Bergondo, igual que Sada está defendendo os seus intereses. E por certo, ademais, esta interpretación non é algo que nós quitamos *de la manga*, eu dicíalle o outro día que se contaba co asesoramento xurídico de expertos na materia, se ben é certo que non constan informes, no seu momento constarán.

Pero si que é certo, e léolle, que *para o exercicio de esa segunda actividade será indispensable a expresa autorización de compatibilidade que non suporá modificación da xornada de traballo e dos horarios dos seus postos e que se condiciona ao estrito cumprimento de ambos*, pois ao mellor é unha contradición entre unha lei e outra, entre unha condición e outra, e que en todo caso se di que *se poderán recibir retribucións por tal dedicación parcial sempre que se desempeñen fóra da súa xornada de traballo na Administración*, iso como condición de funcionaria,

como condición de traballadora na Administración, porque? porqué se entende que esa dedicación parcial precisamente é a que lle permite a atención a esas delegacións, precisamente porqué é unha dedicación parcial, caso distinto estaríamos falando de non haber unha dedicación parcial, que fora un traballador onde tivera igualmente unhas delegacións encomendadas pero nin tivese unha dedicación cuns horarios e unhas retribucións fixadas, iso xa sería un tema diferente, pero neste caso o que se entende é que esa atención a todas esas delegacións se pode facer perfectamente nese horario.

E repito, non facemos mais que facer o que o Concello de Sada; o Concello de Sada prioriza, pois o Concello de Bergondo entendeu que tamén debe priorizar, nada mais.

E se ao final acabamos nun contencioso?, pois non o sei señora concelleira, pois non o sei; o Concello de Bergondo non ten tantísimos contenciosos por aí, e algúns os ten precisamente porqué defende a razón e porque defendemos o que temos baseado en informes técnicos, e precisamente por iso ás veces..., a maioría das veces, os ganamos, precisamente por iso. Non podemos impedir que ninguén presente un recurso ante unha decisión, nós estamos aprobando continuamente decisións e nos puntos anteriores, que poden ser obxecto de recurso por parte de particulares e demais, e non por iso non podemos tomar as decisións aquí no Pleno.

Sra. voceira: si, pero neste caso o contencioso viría porque vostede non lle contesta...

Sra. alcaldesa: non, non, o acordo será o que hoxe decida o Pleno, nada mais....

Sra. voceira: ben, de acordo, pero vostede está facendo caso omiso, vostede non quere darlle contestación a un recurso que ten interposto en forma nese expediente, que está aí o papel desa funcionaria.

Sra. alcaldesa: e ao final o importante será a contestación dese recurso ou realmente ó que se adopta hoxe no Pleno?

Sra. voceira: pero é que se trata de que esta señora manifesta nese escrito, e así todos puidémonos decatarse de que vostede non esta querendo aplicarlle nesa compatibilidade ese apartado que a lei lle dá, porque ademais non hai que interpretalo, é copialo.

Sra. alcaldesa: o que entendo é que vostede realmente o que si interpreta...

Sra. voceira: é que ten razón....

Sra. alcaldesa: é que en calquera momento pode abandonar o seu posto de traballo para atender a unha delegación.

Sra. voceira: non interpreto nada, eu o que digo que o artigo setenta e cinco, seis, di o mesmo que o setenta e cinco, tres, é tan importante un como o outro e se llo di, é que non hai que interpretar nada, é que o di a lei..

Sra. alcaldesa: a lei tamén lle di que non se poderá desempeñar fóra do seu traballo na Administración...

Sra. voceira: pois contéstello, contéstello a ese recurso, pero é que non o está facendo, o que me fai pensar que non o ten tan claro, señora alcaldesa.

Sra. alcaldesa: nós o temos claro e por iso traemos unha proposta a Pleno.

Sra. voceira: e nós ademais ímosllo aprobar porque xa o voto da Comisión informativa foi abstención, porqué entendemos que esta señora ten que ter a súa compatibilidade, pero tamén lle quero deixar claro iso que creo que ten razón no súa recurso esta funcionaria.

Sra. alcaldesa: pois ese é o seu posicionamento, nada mais, vale; pois ese posicionamento que ten vostede en canto a unha interpretación dunha lei, e nós interpretamos outra...

Sra. voceira: non estou interpretando nada...

Sra. alcaldesa: vostede está interpretando...

Sra. voceira: o di a lei, setenta e cinco, punto seis...

Sra. alcaldesa: e eu tamén lle acabo de ler a lei, señora concelleira...

Sra. voceira: vostede lee outro artigo, doutra lei, léame por favor o artigo setenta e cinco, seis...

Sra. alcaldesa: vale, pero verdade que lle estou lendo un artigo da lei....

Sra. voceira: léame o setenta e cinco, seis....

Sra. alcaldesa: lle estou lendo un artigo da lei?

Sra. voceira: si, e eu dígolle que esta señora alega outro..., que vale igual que o outro...

Sra. alcaldesa: loxicamente non está alegando este porqué este non lle afecta...

Sra. voceira: está alegando onde di que ten ese dereito, non vou ler algo que non mo di; se eu pido un dereito, voulle alegar o argumento xurídico que mo dá....

Sra. alcaldesa: moi ben señora concelleira, entendo que forma parte tamén do seu traballo e entón está nesas cuestións.....

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: nada que manifestar ao respecto.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **7. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR PARA A CONVOCATORIA DUNHA COMISIÓN DE VERTIDOS E A TOMA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URXENTE NAS PRAIAS DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de marzo de 2017, que transcrita literalmente di:

"El grupo municipal del Partido Popular de Bergondo al amparo de lo establecido en el artículo 97.3 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las entidades locales de 1986 eleva al pleno de la corporación la siguiente moción.

**Exposición de motivos:** El ayuntamiento de Bergondo carece en la actualidad de un reglamento de vertidos para el control de los servicios de saneamiento y depuración de aguas residuales a pesar de que en los últimos años lugares como Gandarío, O Regueiro, el Río Mayor o el río de Callou se vieran afectados por la contaminación. Además a esto le podemos añadir que según el informe de la Dirección Xeral de Saúde Pública de la Consellería de Sanidade la clasificación sanitaria para la playa de Gandarío tanto en el margen izquierdo como en el derecho es insuficiente porque posee un número menor o igual a 330 UFC o NMP/ml de enterococos intestinales y 900 *E. coli* Esto quiere decir que el BAÑO NO ES RECOMENDADO ya que puede un riesgo para la salud. En el pasado año los análisis de sanidad tenían como resultado una cantidad de bacterias superiores al máximo permitido. 2000 unidades frente al máximo permitido de 1.500. La directiva 2006/7/CE del Parlamento Europeo y del Consejo del 15 de febrero de 2006 relativa a la gestión de la calidad de las aguas de baño y por la que se deroga la Directiva 76/160/CEE establece que las aguas de baño se clasificarán como calidad «insuficiente» cuando, en la serie de datos sobre calidad de las aguas de baño correspondientes al último período de evaluación, los valores del percentil de las enumeraciones microbiológicas sean peores que los valores de calidad suficiente. Por último período de evaluación se entiende las cuatro últimas temporadas de baño. Por tanto aunque las analíticas de este año fueran mejores, la calidad del agua continuaría siendo insuficiente y el baño no recomendado durante todo el 2017.

Además esta misma normativa dice que siempre que se prohíba el baño o se recomiende abstenerse del mismo debe de haber una advertencia en la que se informe al público y se indiquen los motivos por los cuales se dicte una prohibición permanente de baño o una recomendación de abstenerse del mismo. Se deberán instalar carteles con información sobre la características de la playa y las medidas de seguridad, previo cumplimiento de las formalidades previstas en la Ley 22/ 1988, de 28 de julio, de Costas, y en el texto refundido de la Ley de Aguas y vigilar los posibles puntos de vertido cercanos a la playa para que no faciliten en ningún momento la contaminación de las aguas de baño. Según la decisión de ejecución de la comisión del 27 de mayo de 2011 que establece, en virtud de la Directiva 2006/7/CE del Parlamento Europeo y del Consejo se debe colocar un

símbolo para informar al público de la clasificación de las aguas de baño y de cualquier prohibición o recomendación que afecte a este. El ayuntamiento de Bergondo a día de hoy incumple esta norma al no encontrarnos con ningún panel informativo donde se indique la calidad insuficiente del agua y que esta playa no esta recomendada para el baño. Es obligación de la administración local que las aguas de baño no supongan un peligro para las personas usuarias. En el caso de la playa de O Regueiro ya no aparece en la clasificación sanitaria anual de las zonas de baño a consecuencia de que durante más de cuatro años consecutivos su calidad de agua ha sido insuficiente. Si no se toman medidas urgentes con la playa de Gandarío ocurrirá lo mismo e incluso el Pedrido podría verse afectado ya que la calidad de su agua también a descendido en el margen izquierdo pasando de buena a suficiente. Desde el Partido Popular consideramos que la situación que esta sufriendo Bergondo debe de tratarse con máxima urgencia al suponer un grave problema medio ambiental. Como consecuencia tiene que probablemente mas de 3000 niños y niñas de toda España se puedan quedar sin campamentos de verano en el albergu e de Gandarío y de La Marina y que las empresas hosteleras de la zona (bares, restaurantes, panaderías ... ) para las que las playas suponen un motor económico desciendan en un gran nivel sus ingresos al verse afectadas por la situación. En 2014 el PP fue uno de los partidos que exigió que se celebrara un pleno extraordinario para crear una comisión de vertidos. Al PSOE no le pareció una buena idea pero se vio obligado a crear una comisión que jamás fue convocada.

#### Se solicita:

- 1 Convocar de forma urgente la comisión de vertidos para analizar la situación del municipio ante el estado de las playas.
- 2 Traer a pleno para su aprobación el reglamento de vertidos para el control de los servicios de saneamiento y depuración de aguas residuales.
- 3 Cumplir con la normativa europea que establece la obligación de instalar carteles donde se señale la calidad del agua y su no recomendación para el baño. Instamos a su colocación.
- 4 Crear un dossier con las actuaciones previstas en las playas para mejorar la calidad del agua.
5. Explicar de manera clara a los/las vecinos/as de Bergondo la situación actual de sus playas. "

Continúa a Sra. voceira: esta é a nosa moción, a presentamos porque consideramos que actualmente estamos ante unha situación moi grave, xa que pouco a pouco estamos vendo como as nosas praias están morrendo.

O Regueiro, como xa comentei anteriormente, xa non está cualificada como unha zona de baño e realmente iso é unha responsabilidade municipal porque ao día de hoxe non se enviou ningunha solicitude á Xunta para que se volva incluír esta praia e para que se realicen analíticas, isto ocorre porque durante cinco anos consecutivos non se tomaron medidas nesta praia para que a súa auga sexa apta para o baño; o ano pasado esta praia xa non aparecía dentro dese listado, a Xunta a volvería a incluír cando o concello faga o seu traballo e demostre que vai facer melloras nela, e mentres tanto O Regueiro seguirá morto e en Gandarío ocorrerá o mesmo nuns anos, e probablemente no Pedrido se seguimos así pois tamén ocorra.

O que queremos é revertir esta situación, e é certo que no caso dos carteis ata o un de xuño os carteis non son de obrigatorio cumprimento, que se coloquen, pero tamén é certo que hai persoas que se están bañando nas praias, pois hai pouco fixo bo tempo, entón o concello debería de colocar eses carteis para que a xente sexa consciente da situación que hai e poida decidir se se baña ou non pero coñecendo a situación, e aparte non estaría de mais, e o están facendo tamén noutros concellos, que en tempada de baños se publicaran tanto en Gandarío como no Pedrido as analíticas que desde Sanidade se fai cada quince días.

Recordámoslle que vostedes son os que teñen a competencia de saneamento, polo tanto en augas fecais e en vertidos, e que só existe un laboratorio que está autorizado para facer as analíticas, polo tanto estes resultados son cen por cen veraces, e que se necesitan solucións xa

Ademais, non sei se o saben, pero Xuventude ante esta situación tivo que anular as actividades acuáticas na praia de Gandarío, e víronse obrigados a trasladalas á praia de Miño que non conta con esta situación, e que é un custo que vai asumir a Xunta pero que é responsabilidade municipal, que afecta neste caso a eles pero que está afectando aos albergues, aos bares, aos restaurantes, ás panaderías, e que polo tanto temos que tomar medidas xa.

Sra. alcaldesa: como o outro día lle comentaba ao seu compañeiro, esta moción non deixa de ser mais que un rogo dos que xa veu varias veces a Pleno. Ademais conta cunha serie de mentiras, algunhas matizadas agora por vostede.

En primeiro lugar, *el ayuntamiento carece na actualidade de un reglamento de vertidos...*, mentira a medias, porque en todo caso o que estamos facendo é aplicar o regulamento marco da Xunta, de 2012, e ese si o estamos cumprindo; as cuestións e os vertidos que se produciron ultimamente no Callou..., no río Maior..., son cuestións que sobrepasan o ámbito municipal e por iso hai outras instancias superiores que se encargan diso.

Di vostede tamén na moción que o concello incumpre coa normativa, non encontrarse con ningún panel informativo sobre a calidade insuficiente da auga, que acaba vostede de dicir que é obrigatorio no verán, levamos facendo cumprimento de todo iso durante anos, entre outras cousas porque tamén é certo que ao comezar a tempada sempre recibimos un fax con ese recordatorio, dicíndonos ademais cal é o cartel que se debe colocar, en cada lugar das praias. Matiza vostede agora, é certo, non vai haber nenos que se queden sen campamento, non albergue de Gandarío e da Marina, é certo, a actividade náutica se traslada pero non é certo que se queden sen el.

Insiste vostede no tema das competencias de saneamento no concello, agora si, agora si que hai unha depuradora, non ata o de agora, e unha cualificación dunha praia non se define por dous meses, por tres meses, nin sequera por un verán, senón que a suma dos últimos resultados nos últimos anos, e se nos últimos anos non había bos resultados era porque efectivamente non había algo importante como era unha depuradora, e cando non hai depuradora quen é o competente no saneamento neste caso é a Xunta de Galicia.

Aínda así nós nunca botamos contra esa institución, entendemos que tiñamos que ir da man igual que temos que ir agora para intentar mellora isto, para intentar non, para conseguilo.

Polo tanto, non é cuestión dunha moción, non é cuestión tampouco de ningunha convocatoria, estamos traballando xa para poder recuperalo.

Sra. voceira: nós non estamos mentindo en canto a que non haxa un regulamento de vertidos, é certo que non existe un regulamento de vertidos municipal, porque senón non estarían vostedes creándoo...

Sra. alcaldesa: díxenlle mentira a medias.

Sra. voceira: desculpe, e si que consideran que é necesario, consideramos toda a oposición que é necesario que exista ese regulamento de vertidos.

En canto ao tema dos campamentos da Xunta, cando nós escribimos esta moción, ou polo menos non tiñamos coñecemento do que ía suceder con eses campamentos, e a Xunta nun primeiro momento, Xuventude, si que se plantexa que se hai esa situación igual hai que trasladar o campamento a outro sitio, finalmente o que deciden é que non se poden realizar actividades acuáticas porque a auga é insuficiente e polo tanto é un perigo e hai que facer iso; pero nun primeiro momento si que se plantexan esa opción.

Sra. alcaldesa: esta decisión Xuventude hai un mes polo menos que xa é coñecedora dela, porque despois dun comentario que fixo vostede no último Pleno, eu falei coa directora xeral de Xuventude e negoume que fora ese extremo de que se foran a quedar aí sen campamento, polo tanto hai un mes que eu sei que vai haber actividade, coa actividade náutica noutro sitio.

Sra. voceira: pois entón a algunha das dúas non menten porque a información que eu tiña naquel momento asegúrolle que era a que eu din aquí, e tamén tras conversas con determinadas persoas desa Dirección.

En canto ao tema dos carteis, o que comentei, se ben é certo que teñen que estar postos por obrigación no mes de xuño, se vemos que temos unha situación na praia, onde a auga é insuficiente e polo tanto é un perigo público que a xente se poida estar bañando e o estamos vendo, porque creo que todos e todas somos coñecedores de que hai persoas que están usando esa praia e se están bañando, entón para evitar perigos si que consideramos que se deben poñer xa.

Sra. alcaldesa: sabe vostede porque non é obrigatorio que se coloquen en inverno, e porque non se fan tampouco analíticas? porque as analíticas do inverno serían completamente distintas ás do verán, por iso precisamente a recomendaron, dixéronos que facer analíticas no inverno non ía servir de nada porque non indican para nada os resultados que podería haber no verán; que o mar se move completamente distinto, con moita mais marusía que nov verán, e que polo tanto ademais era un gasto inútil, e isto son cuestións que aínda estamos tratando con Sanidade para poder levar a cabo as actuacións que xa lle digo, e de mellora.

Polo tanto, poñer un cartel a día de hoxe que diga iso, o único que indica é a calidade e o resumo dos anos anteriores, pero non quere dicir que en inverno estea con ese tipo de calidade, porque non se están facendo analíticas, non as fai tampouco Sanidade.

Sra. voceira: a ver, de todas formas poñer uns carteis é algo que ten un custo moi barato realmente....

Sra. alcaldesa: un cartel que sería mentira...

Sra. voceira: non, non estamos mentindo, porque o que se está dicindo é que a calidade é insuficiente.

Sra. alcaldesa: calidade con respecto ao ano pasado...

Sra. voceira: claro...

Sra. alcaldesa: aos últimos anos...

Sra. voceira: pero é que esa calidade di que durante todo o 2017 a auga vai ter esa calidade...

Sra. alcaldesa: se lle estou dicindo que precisamente se pon no verán por algo será, polos responsables que nos obrigan a poñelo no verán.

Sra. voceira: de todas formas esa é a súa postura.

Sra. alcaldesa: si, si...

Sra. voceira: e esta é a postura do Partido Popular, e polo tanto ambas son igual de lícitas; o que nós aquí solicitamos eu penso que da igual se o poden considerar moción ou poden considerar rogo, ao fin e ao cabo son cousas que benefician á cidadanía e que polo tanto deberíamos estar todos e todas de acordo.

Que se convoque unha comisión de vertidos penso que iso sería bo porque imos falar do estado que teñen as praias actualmente, e considero que toda a oposición estaría disposta a acudir e a poder colaborar.

Que traia a aprobación o regulamento de vertidos, lévase moitísimo tempo polo tanto que se faga xa, e que se cumpra coa normativa, e que se instalen eses carteis con antelación, para que se coñeza a situación e se decida tamén beneficia, e que se cree un dossier coas actuacións previstas nas praias para poder mellorar a súa calidade penso que é algo que se necesita, e no so en Gandarío senón que tamén sería necesario no Regueiro para poder volver a constar esa praia como praia.

Por suposto que se expliquen de maneira efectiva, de cara aos veciños, a situación que hai actualmente coas praias.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu creo que a estas alturas, e independentemente de que o teño pedido en múltiples ocasións, o convocar unha comisión de vertidos si que é un gasto inútil; eu penso que se deberían investir eses cartos e todo ese tempo en actuar, e esa actuación é unha das obrigas do equipo de goberno.

O equipo de goberno que tamén por outro lado debe de deixarse de patrañas, e de vendernos bandeiras azuis que no están en venta e que ao paso que imos non a teremos nunca, e creo que nestes momentos está convocada unha praza de técnico de medio ambiente, creo que debería de empezar por aí, debe ser unha das tarefas que lle compete incluso a esta persoa.

E como lles dicía o outro día na Comisión, actúen, non se asusten, non lles dea medo, porque por cada persoa que se enfada porque vostede lle detecta un vertido e llo vexa, imos estar contentos uns vinte ou trinta..., sabe? polo que vai gañar votos.

Pois iso, que actúen, que xa lle dixen o outro día que me canso de mirar os decretos e que vin unha sanción a unha persoa que reiteradamente está vertendo..., prefiro non dicilo....

Sra. voceira de VB: adhirome absolutamente ás manifestacións das dúas compañeiras dos outros dous Partidos.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: de acordo con todo o manifestado pola señora Sanjurjo, a excepción do das patrañas, poñerse un obxectivo non é unha patraña, é poñerse un obxectivo, pode ser mais ambicioso ou menos ambicioso, pero non é unha patraña....

Sra. concelleira non adscrita: poñerse un obxectivo de ter bandeiras azuis no 2017 é unha patraña...

Sra. alcaldesa: non era o ano 2017....

Sra. concelleira:... eu creo que si, na prensa dicía iso..., ao mellor é que a prensa se equivocou, como sempre....



Sr. voceiro: explícome, como vostede comprenderá, nós poñémonos como obxectivo acadar bandeira azul para Gandarío no 2018, pero tamén baseándonos nunha cualificación que era, recordemos, ata hai dous meses excelente nunha marxe e de boa noutra, e de repente empézanos ..., era así a cualificación do ano pasado, a que constaba.

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: un ano...

Sr. voceiro: non, era de varios...

Sra. concelleira: dos tres últimos anos.

Sr. voceiro: era de varios anos, do 2012 para aquí...,

Sra. alcaldesa: si, si, os tres últimos anos.

Sra. concelleira: Gandarío?

Sr. voceiro: si, compróbeo por favor...

Sra. concelleira: teño todas as analíticas...

Sra. alcaldesa: están colgadas na páxina web, nas Memorias anuais.

Sr. voceiro: comprenderá que a sorpresa foi maiúscula, pasar de excelente e de ben, ao suspenso nas dúas., é canto menos sorprendente...

Sra. concelleira: eu creo que Gandarío durante o ano 2015, cando non estaba mal no extremo esquerdo, estaba no dereito....

Sr. voceiro: pero a cualificación anual....

Sra. alcaldesa: a ver, ás veces..., e iso o falamos..., perdoe que lle interrompa, iso o falamos no seu momento cando incluso se nos dicía que nos estabamos contradicindo e que estabamos poñendo uns carteis e outros.

Unha cuestión é a cualificación da praia, que ten unha cualificación que ven debida ás analíticas dos últimos anos, onde se reflicte, a principios de verán, e ademais así consta no fax que se nos envía por parte de Sanidade e ademais se pode consultar nas Memorias anuais, onde Gandarío era excelente marxe esquerdo e marxe dereito boa; igualmente, e aínda que poida parecer contraditorio, si durante como resultado da análise desas analíticas, se observase que había un vertido, uns parámetros superiores a mil cincocentos, temporalmente se tiña que poñer un cartel de non recomendado ao baño, co cal se daba a contradición i é obrigatorio poñer o cartel de excelente e ao mesmo tempo non recomendable, pode parecer contraditorio pero é cumprir o Regulamento, por iso a vostede lle sona que durante varios anos estivemos pon cartel, quita cartel, pon cartel, quita cartel..., e a pesar diso a cualificación, como di o voceiro de Anova, era de cualificación excelente e boa.

Sra. concelleira: mire, recórdoo perfectamente porque eu un día pregunteille se os altos se podían bañar e os baixiños non, porque había un cartel que arriba poñía que era apta e abaixo poñía que non era apta.

O que si lle quero dicir é que durante o ano 2015, as analíticas que se fixeron nas augas en verán, cas mil cincocentas unidades de Ecoli, cando non estaba mal na marxe esquerdo, estaba mal na marxe dereita....

Sra. alcaldesa: certo, é que iso non llo discuto.

Sra. concelleira: entón, eu claro.... como é que a praia é espléndida, é marabillosa, se as augas non valen..., será a area da praia, poderemos ir tomar o sol ou tomar algo á cafetería do lado, pero... non sei..., é algo contraditorio, dende logo non se entende.

De todos modos, ao que íamos, eu alégrome profundamente de que Gandarío teña bandeira azul, sexa no 2018 ou cando sexa; e o de contar comigo en todo o que lle faga falta para conseguir ese obxectivo.

Sr. voceiro: agradecese.

A ver, a cuestión é a seguinte, que ía comentar tamén, coméntolle. Bergondo 25 de outubro do ano 2016, como vostedes saberán este goberno, que ten unha serie de prioridades que fixemos públicas, falamos dunha serie de obxectivos, un número que supera aos vinte e cinco, vinte e sete en concreto.

Paso a comentar varios deses obxectivos; sexto, completar o saneamento de Bergondo; once, conseguir a bandeira azul para Gandarío no 2018; vinte e dous, construción do paseo fluvial do Río Maior, que loxicamente leva aparelado construír o colector que dará servizo de saneamento a todas as parroquias; vinte e catro, recuperar O Regueiro, en dúas cuestións, proxecto de consolidación de cantís e mais de costas, e recuperación da calidade das augas de baño da praia; vinte e cinco, intensificación de políticas de protección e divulgación medio ambiental, loita

contra os vertedoiros incontrolados de lixo, protección de masas arbóreas autóctonas, creación de voluntariado ambiental de Bergondo; creación de rutas de sendeirismo polo concello, e, aprobación dunha ordenanza específica de saneamento de depuración.

Que quero dicir?, de vinte e sete prioridades, cinco gardan íntima relación con todo o que estamos falando hoxe aquí, polo tanto existe una preocupación evidente por estes temas; se non fora así, priorizaríamos outras cuestións e non cinco en vinte e sete.

Existe unha preocupación, dóenos a situación de Gandarío igual que nos doe a situación do Regueiro, igual que nos doería a situación do Pedrido se finalmente caera tamén o suspenso.

Pero isto non se vai amañar nin cunha moción nin cunha pseudomoción, e eu entendo que ao Partido Popular non lle gusta cando..., porque xa o fixemos noutra ocasión, de cualificar as súas mocións como innecesarias, pero sinceramente esta posiblemente supere á que eu cualificaba como innecesaria aínda mais, mais innecesaria se cabe; é un rogo, e nada mais, eu entendo que non lles guste porque a min tampouco me gustaría que cualificaran as miñas mocións como innecesarias, pero é que é o que son.

Sra. concelleira non adscrita: se me permite, priorizan vostedes todo o referente a saneamento e todo o demais, pero sen depuradora, aínda recordo do cartel que había aí abaixo, onde estaban vostedes cunha pancarta en contra da depuradora, Alejandra PSOE mais Tita PP, a mesma merda é.

Sr. voceiro de Anova: permítame manifestar unha cuestión ao respecto, nunca estivemos en contra da depuradora, senón da ubicación da depuradora.

Sra. concelleira: pero non había outro sitio, tiña vostede outro sitio? porque vostedes están en contra de todo e non fan propostas para nada...

Sr. voceiro: si, si, había proposta doutro lugar, había propostas....

Sra. concelleira: menos mal que tiramos para adiante....

Sr. voceiro: iso si que foi sempre unha patraña, acusarnos de estar en contra da depuradora, nós estabamos en contra da ubicación da depuradora e seguimos estando o que pasa é que xa está construída, non imos tirar coa depuradora construída, porque se gastaron catro millóns de euros, loxicamente se está, está e hai que sacarlle o partido necesario.

Sra. voceira do PP: a verdade é que nós estamos a favor de todas as propostas que no seu momento propuxeron dende o seu grupo, pero claro, non se poden quedar só en propostas; e que a preocupación está moi ben pero non serve de nada se non se fan proxectos para modificar a situación.

Que O Regueiro é a vosa preocupación? por suposto, pero están no grupo de goberno e non hai un proxecto para que se volva a incluír como zona de praia, polo menos ao día de hoxe.....

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: si o hai....

Sra. voceira: pois entón non sei que fan sen presentalo, se o hai.

Despois, vostedes consideran que é unha moción innecesaria; a min dáme igual se vostedes consideran que é unha moción innecesaria ou é un rogo, a min o que me importa é que isto se aprobe e que se faga.

E se consideran que é innecesaria, entón aproveiten, agora que están no grupo de goberno, e cando nós, ou calquera outro grupo da oposición, faga propostas por Rexistro entón contesten, porque hai mais de seis meses que enviamos, por Rexistro, que se convocara esa Comisión ou igual que veu a Pleno e ao día de hoxe non contestaron, cando o ROF di, se non me equivoco, que hai tres meses para contestar.

E tamén me resulta incomprendible que determinadas persoas das que se sentan hoxe aquí, pois digan que non van votar a favor desta moción, polo menos é o que entendo que non van votar a favor, polo menos PSOE e Anova, que non é sorpresa para nós que o equipo de goberno, que como ocorre sempre rexeitan calquera proposta que se propoña dende a oposición, aínda que esta sexa necesaria para Bergondo.

Despois de estar reclamando esta Comisión de vertidos, e protestando polo estado das praias e non só desde o Partido Popular, o que parece é que vostedes están aquí non para buscar solucións conxuntas aos problemas, senón para votar en contra de todas as propostas que se realizan polo noso grupo, cousa que queda palpable coa posición que están tomando hoxe con esta moción.

Pero miren, se queren podemos dicir que a moción é súa se así van votar a favor, para nós non é un problema, a nós sérvenos, o que estamos reclamando é a urxencia coa que se fagan estas medidas; pero neste caso non vai ser necesario pois diso non vai depender que vostedes queiran ou non facer o que estamos solicitando, xa que finalmente van ter que cumprir coa lei.

A Comisión de vertidos xa veremos se realmente se vai facer ou non, porqué ao fin e ao cabo que se faga ou non esta Comisión é cousa do goberno municipal, o sexa, a súa convocatoria, pero interese parece haber pouco xa que levamos tres anos esperando que se convoque, e co novo goberno tampouco se ve moito interese.

Co Regulamento está pasando o mesmo, ao día de hoxe non veu a Pleno, non se trae porqué considero que non hai vontade, pero agora ben, o resto dos que estamos reclamando esta serie de medidas, si que consideramos que temos que traelas ao Pleno, o que queremos e que se fagan xa, e agora voten o que queiran votar, chámenlle a esta moción, chámenlle rogo ou o que queiran, pero póñanse dunha vez de acordo para solucionar o que entendemos como un dos maiores problemas que ten Bergondo.

Sra. alcaldesa: ben, como vostede acaba de dicir, e non dixo nada novo que non dixera na propia moción, isto é un rogo, e é un rogo que tantas veces ten vido tamén a Pleno, e non se preocupe que nós estamos traballando para qué isto poida ter unha solución, estamos tamén traballando no Regulamento, e convocaremos a Comisión ao seu debido tempo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos en contra, dous (2) votos a favor, e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra** o ditame antes transcrito.

## **8. CORRECCIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, que non foi debatido na Comisión Informativa do pasado día 23 de marzo, porque recibíuse o requirimento da Deputación de subsanación nese mesmo día, e outorgan un prazo de dez días para dar resposta ao citado requirimento

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 8 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (12), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous do grupo municipal de Veciños de Bergondo; dous do grupo municipal do Partido Popular; dous do grupo municipal de SON de Bergondo-Anova e un da concelleira non adscrita- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.

### **" PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2017 do 01.12.2016, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 226 do 29.11.2016, na que comunícase a asignación do POS+ 2017 ao Concello de Bergondo por un importe total de 588.344,88 euros.

Vistos os requirimentos efectuados pola Deputación Provincial, a través da plataforma subtel o 23.03.30217, debendo procederse á corrección das distintas deficiencias detectadas nos proxectos. Emendados estos, e dado que afecta ao importe total dos dous investimentos previstos, procede someter o acordo de corrección ao Pleno do Concello.

Proponse ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017"; "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0</b>

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	258.394,71 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>258.394,71 €</b>

**C) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	Deputación	Concello	Orzamento
Modificado Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Bergondo, Babío, Ouces e Moruxo	159.012,13 €	260.055,20 €	419.067,33 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	<b>159.012,13 €</b>	<b>260.055,20 €</b>	<b>419.067,33 €</b>

Aprobar o modificado do proxecto da obra incluída no POS+ 2017 e que se relaciona nesta táboa.

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0	0	0
	Achega 2017	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	258.394,71 €	6.605,29 €	265.000,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	159.012,13 €	260.055,20 €	419.067,33 €
	Préstamo 2017	0	0	0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	0	0	0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	0	0	0
	Achega 2017			

TOTAL	Achega 2016			
	Préstamo 2017	0	0	0
	TOTAL	417.406,84 €	266.660,49 €	684.067,33 €

**SEGUNDO.** Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Modificado Mellora do viario con aglomerado asfáltico no Polígono Industrial de Bergondo	137.078,11 euros
<b>Totais</b>	<b>137.078,11 euros</b>

**TERCEIRO.** Os puntos terceiro a oitavo do acordo plenario do 23 de febreiro de 2017 adoptado sobre participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña, mantéñense sen cambios.

**CUARTO.** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.

Bergondo, 27 de marzo de 2017. alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: comentáballes o outro día que eran basicamente cuestións técnicas, pero que si que é certo que afectan ao total do proxecto, no principal, no modificado de camiños de aglomerado en Bergondo, Babío, Ouces e Moruxo, basicamente o que se nos reclamaba é que se tiña que incluír tamén os custos indirectos, que aproximadamente son un seis por cento, inclúense eses custos polo tanto o orzamento antigo estabamos en trescentos noventa tres mil trescentos sesenta e nove euros e agora pois aumenta catrocentos dezanove mil sesenta e sete con trinta e tres, e pouca cantidade, pero efectivamente é ese o incremento.

No Plan complementario o que nos din é que hai un erro aritmético e efectivamente unha Partida que non estaba sumada, aproximadamente mil e pico euros, onde o proxecto total era de cento trinta e cinco mil trescentos noventa e dous, e agora son cento trinta e sete mil setenta e oito con once, o resto das condicións non varían.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## 9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 20 de febreiro ao 24 de marzo de de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 135/2017 ao 257/2017. O Pleno queda enterado.

## 10. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, manifesta que por razóns de urxencia, incorpora un asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria; xustifica a urxencia, debido a que trátase dun Convenio de colaboración asinado no día de onte, por razóns d e urxencia da axuda solicitada á Xunta e por iso non viña na orde do día, que é competencia do Pleno a súa aprobación, e non podía esperar a un vindeiro pleno, e non estaba o texto cando se convocou este.

Logo da xustificación da urxencia e de conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do ROF, sométese ao voto do Pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por unanimidade de votos a favor (12), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; dous do grupo municipal de Veciños de Bergondo; dous do grupo municipal do Partido Popular; dous do grupo municipal de SON de Bergondo-Anova e un da concelleira non adscrita- o Pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do seu debate.

### **10.1. RATIFICACIÓN DA SINATURA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, CARRAL, COIRÓS, OZA-CESURAS E PADERNE, PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O ANO 2017 PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA C. A. DE GALICIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

#### "MOCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 3 de marzo de 2017, publicouse no DOG a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2016 establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para o ano 2017 para a concesión das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na liña habitual deste tipo de convocatorias, a Xunta puntúa máis as actuacións en común de varios concellos que as solicitudes individuais, outorgando un prazo de solicitude de axudas dun mes. A documentación completa estivo a disposición desta alcaldía o día de onte, cando se asinou a Resolución de participación no proxecto denominado "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO SOSTIBLE"; para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación que desenvolverán conxuntamente os Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, e no que participarían 20 alumnos/as-traballadores/as nas seguintes especialidades formativas, que contan con certificado de profesionalidade:

- "Fruticultura"; (AGAF0108) / Certificado de profesionalidade establecido por medio do Real Decreto do Ministerio de Traballo e Inmigración núm. 1375/2008, de 1 de agosto (Anexo V), publicado no BOE núm 215 do venres, 5 de setembro de 2008 e actualizado a través de Real Decreto 682/2011, do 13 de maio do Ministerio de Traballo e Inmigración (BOE núm. 137, do xoves, 9 de xuño de 2011).

- "Producción de sementes e plantas en viveiro"; (AGAU0110) / Certificado de profesionalidade establecido por medio do Real

decreto do Ministerio de Trabajo e Inmigración núm. 1519/2011, de 31 de outubro, (BOE núm. 300 do mércores, 14 de decembro de 2011).

O Concello de Bergondo está interesado en establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan promover conxuntamente a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación (obradoiro de emprego) que ten por finalidade mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, que lles posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo, que xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo, tendo en conta os termos recollidos na devandita orde reguladora.

Ao abeiro do antedito, e dado que os trámites os acomete o Concello de Abegondo, e debendo ter a documentación completa o máis axiña posible para a súa remisión á Xunta de Galicia, no día de onte ditouse a Resolución núm. 269/2017, na que se resolve:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Bergondo se agrupe cos concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, todos eles integrantes da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" só para solicitar unha subvención ao abeiro da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en marcha do obradoiro de emprego denominado "Reserva da Biosfera: emprego sostible", ao abeiro do disposto no artigo 60 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, formalizando o correspondente convenio para o efecto.

SEGUNDO.- Acollerse ás axudas previstas na citada orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria que establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. número 44, do venres, 3 de marzo de 2017) e aprobar o proxecto de obradoiro de conxunto de emprego denominado "Reserva da Biosfera: emprego sostible", que conta cun orzamento global de 284.959,00 euros, no que participarían 20 alumnos/as traballadores/as, nas seguintes especialidades formativas:

- "Fruticultura"; (AGAF0108).
- "Producción de sementes e plantas en viveiro"; (AGAU0110).

TERCEIRO.- Que o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e polo tanto o concello petionario da subvención convocada, que se identificará como entidade promotora solicitante.

CUARTO.- Solicitar, conxuntamente cos demais concellos participantes, unha axuda por importe de dous centos setenta e nove mil novecentos cincuenta e nove euros (279.959,00 euros) para a posta en funcionamento e realización do obradoiro de emprego denominado "Reserva da Bisofera: emprego sostible". O Concello de Abegondo como entidade petionaria será quen reciba o importe da achega económica e o que deba presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda. Asemade, asumirá as obrigas relacionadas coa realización dos correspondentes contratos dos/as alumnos-as/traballadores-as e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, vinculados sempre á subvención que se conceda e tamén das obrigas con respecto a Facenda, á Seguridade Social e, en xeral, todas as obrigas contables, económicas ou administrativas derivadas da contratación de persoal.

QUINTO.- Que o Concello de Bergondo non realizará achega, mediante fondos propios con cargo ao orzamento municipal do exercicio correspondente, para o financiamento da súa alícuota da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

**SEXTO.-** Que o Concello de Bergondo, como entidade participante no obradoiro de emprego comprométese a procurar a inserción laboral posterior, polo menos, do 10% das persoas desempregadas participantes nos proxectos."

Sendo competencia do Pleno do Concello, a aprobación do texto do Convenio, pero dado o escaso tempo que houbo, non se puido traer con anterioridade; proponse ao pleno, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o texto do convenio de cooperación cos concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, todos eles integrantes da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo"; aos efectos da solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en marcha do obradoiro de emprego denominado "Reserva da Biosfera: emprego sostible", ao abeiro do disposto no artigo 60 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que se recolle como anexo a este acordo.

**SEGUNDO.** Ratificar a sinatura do mesmo, levada a cabo por esta alcaldía, por mor dos prazos de tramitación fixados na Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## ANEXO

Convenio de cooperación cos concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, todos eles integrantes da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo"; aos efectos da solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en marcha do obradoiro de emprego denominado "Reserva da Biosfera: emprego sostible"

Na Casa do Concello de Abegondo (A Coruña), o 29 de marzo de 2017, REUNIDOS:

D. José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do Concello de Abegondo

D<sup>a</sup>. Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa do Concello de Bergondo

D. Ramón García Vázquez, alcalde do Concello de Betanzos

D. José Luis Fernández Mouriño, alcalde do Concello de Carral

D. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do Concello de Coirós

D. Pablo González Cacheiro, alcalde do Concello de Oza-Cesuras

D. César Longo Queijo, alcalde do Concello de Paderne

**INTERVEÑEN:**

Todos/as eles/as interveñen en nome e representación dos Concellos que presiden, recoñecéndose mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e para tal efecto.

**EXPOÑEN:**

I  
Que os municipios de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

II  
Que entre o servizos públicos que, conforme á normativa vixente en materia de réxime local, os municipios poden prestar, destaca o de deseñar, promover e desenvolver accións e proxectos dirixidos á creación de emprego e á mellora da cualificación profesional dos/as demandantes de emprego do seu ámbito territorial, cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración dos sete concellos.

III  
Que é vontade dos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan promover conxuntamente a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación (obradoiro de emprego) que ten por finalidade mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de



interese xeral e social, que lles posibiliten aos/ás alumnos/astraballadores/as participantes realizar un traballo efectivo, que xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Para facer isto posible, teranse en conta os termos recollidos nas Bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas pola Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (D.O.G núm. 44 do venres, 3 de marzo de 2017). A citada orde prevé no seu artigo 3 que os concellos, como entidades beneficiarias deben ter unha media de paro rexistrado no ano 2016 superior a 500 persoas no seu ámbito territorial, se ben este requisito do número mínimo de persoas desempregadas non será de aplicación cando a solicitude ou as actuacións previstas no proxecto engloben, como é o caso, cando menos a tres concellos limítrofes.

#### IV

Que entre as ditas fórmulas de colaboración previstas pola normativa vixente destaca, pola súa sinxeleza e eficacia, a da sinatura dun convenio mediante o que se agrupan os sete concellos para que todos eles poidan ser beneficiarios da subvención e promover a posta en marcha dun obradoiro de emprego, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fóra do termo municipal.

#### V

Que a normativa vixente en materia de réxime local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 55 e seguintes, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos artigos 198 e 199, prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de cooperación e colaboración entre entidades locais, para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

#### VI

Que por medio de sendas resolucións os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, acordaron a sinatura deste convenio.

Sendo, por tanto, vontade dos sete concellos a formalización do presente convenio neste documento administrativo, fano de acordo coas seguintes ESTIPULACIÓNS:

**Primeira.**-Os Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, por medio do presente convenio, agrúpanse como municipios só para solicitar, ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017, unha subvención para a posta en marcha do obradoiro de emprego denominado "Reserva de biosfera: emprego sostible".

**Segunda.**-Os sete concellos serán equitativamente beneficiarios da subvención conforme o previsto no artigo 3 da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (D.O.G núm. 44 do venres, 3 de marzo de 2017). Non obstante, determínase que o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e polo tanto o concello petionario da subvención convocada, que se identificará como entidade promotora solicitante.

Polo tanto, será o Concello de Abegondo quen se encargue da tramitación administrativa do expediente de solicitude, mantendo informados aos outros seis concellos. Unha vez concedida a subvención, será o Concello de Abegondo quen realizará as xestións e trámites conducentes á selección e contratación dos/as alumnos/as-traballadores-as e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, sen prexuízo de trasladar oportunamente toda a información que sexa necesaria aos concellos de Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne, que poderán ser copartícipes na toma de decisións e acordos que deban adoptarse, especialmente aqueles máis relevantes.

Tal e como dispón o artigo 10 da antedita Orde do 8 de febreiro de 2017, creárase un grupo de traballo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade promotora, presidido pola persoa representante da Consellería que para o efecto sexa designada pola respectiva Xefatura Territorial. Será no ámbito deste grupo de traballo onde se decida sobre os diferentes aspectos referidos ao procedemento de selección e contratación do alumnado-traballador e do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego " 8220;Reserva de biosfera: emprego sostible" 8221,; que se realizará conforme o establecido nos artigos 10 a 13 da Orde do 8 de febreiro de 2017.

Será tamén o Concello de Abegondo como entidade petionaria quen reciba o importe da achega económica e o que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda. Así mesmo, asumirá as obrigas que se deriven da realización dos correspondentes contratos dos/as alumnos-as/traballadores-as e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, vinculados sempre á subvención que se conceda e das obrigas con respecto a Facenda, á Seguridade Social e en xeral todas as obrigas contables, económicas ou administrativas relacionadas coa realización do obradoiro de emprego e especificamente as relacionadas coa contratación de persoal.

**Terceira.**-Os sete concellos asumen o compromiso de achegar toda a documentación que sexa necesaria para incorporar tanto ao expediente de solicitude de subvención como para o desenvolvemento do proxecto e xustificación da subvención parcial ou total da subvención recibida. En particular deberán

facilitar toda a documentación de carácter xeral e específico relacionada no artigo 18 da orde de convocatoria. Especialmente, chegarán os respectivos acordos de aprobación do proxecto e de solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, os certificados que acrediten a titularidade xurídica de cada un dos obxectos de actuación e a súa dispoñibilidade para realizar as obras ou para prestar os servizos previstos no proxecto e as autorizacións administrativas que sexan necesarias para as actuacións que se desenvolvan no seu territorio.

Por último, as sete entidades, como beneficiarias das subvencións deberán acreditar en todos os momentos que sexa preciso, que están ao día coas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

**Cuarta.**-As sete entidades locais serán conxuntamente e equitativamente beneficiarias da subvención que conceda a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e levarán a cabo de xeito coordinado as actuacións descritas na memoria que presenten coa solicitude de subvención e que forman parte do itinerario formativo dos/as alumnos/as-traballadores/as. Para iso, valeranse da axuda concedida para todos os conceptos subvencionables e dos medios e recursos propios que eventualmente achegue cada entidade conforme á memoria ou proxecto presentado coa solicitude de subvención. O proxecto poderá recoller actuacións ou servizos nos sete municipios e procurará harmonizar os intereses de todas as entidades beneficiarias sen que isto impida acadar a maior calidade posible na execución das actuacións programadas e no desenvolvemento das accións de emprego e formación e dirixidas a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional dos/as alumnos-as/traballadores-as.

**Quinta.**-Serán causas de extinción deste convenio:

- A denuncia por calquera das partes, ben por cumprimento do prazo previsto de vixencia ou por calquera outra causa xustificada.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das cláusulas deste convenio.

**Sexta.**-Os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne comprométese a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

**Sétima.**-O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata a finalización das accións do obradoiro de emprego, que conforme ao artigo 4 da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do do 8 de febreiro de 2017, terá unha duración de nove meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

**Oitava.**-Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm.236 do venres 2 de outubro de 2015) e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015; no seu defecto, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, en último caso, polas normas de dereito privado, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede e para que conste e produza os efectos oportunos, asínase o presente documento en sete exemplares e para un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello de Abegondo, o alcalde José Antonio Santiso Miramontes

Polo Concello de Bergondo, a alcaldesa Alejandra Pérez Máquez

Polo Concello de Betanzos, o alcalde Ramón García Vázquez

Polo Concello de Carral, o alcalde José Luis Fernández Mourinho

Polo Concello de Coirós, o alcalde Francisco Quintela Requeijo

Polo Concello de Oza-Cesuras, o alcalde Pablo González Cacheiro

Polo Concello de Paderne, o alcalde César Longo Queijo

Bergondo, 30 de marzo de 2017 A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

**Sra. alcaldesa:** xa manifestaba antes, e o día da propia moción, o porqué; trasladóusenos onte, e a todos os alcaldes se nos trouxo o Convenio para poder asinalo, e dado que agora si se permiten estas fórmulas que ata hai ben pouco de feito tiñan informes en contra porqué non había tampouco algo que as fundamentase, o estabamos facendo os concellos porqué era bo e ademais era a fórmula para conquistar moitas axudas, e de feito xa os obradoiros de emprego ían conxuntos, aínda rematamos un recentemente tamén indo en coalición. E a cuestión de traelo ao pleno é que agora si se permiten este tipo de Convenios en base a esa modificación da lei, pero deben ser polo menos aprobados ou ratificados polo Pleno.

Este ano é certo que se decidiu plantexar un obradoiro relacionado con cuestións da Reserva da Biosfera, obviamente non son todos os concellos porqué seríamos moitos, seguramente haberá outros concellos que tamén se plantexen accións similares, e neste caso con esas dúas accións, a de fruticultura e a de produción de sementes en plantas en viveiro e de feito foi unha cuestión que se lle plantexou recentemente ao conselleiro cando estivo en Abegondo na entrega dos últimos diplomas aos participantes.

Temos xa longa experiencia de colaboración e realmente é boa, e ao día de hoxe das poucas posibilidades que temos que poida haber un obradoiro de emprego.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu teño varias preguntas; para empezar faltárame un informe de Secretaría, sexa do Concello de Abegondo ou de quen sexa, porqué vostede di que isto é legal, e todo..., e eu xa non sei se isto é legal, ou non é legal, ou qué pasa....

Aparte disto, cantas persoas lle corresponden a Bergondo destes vinte alumnos traballadores que aquí...

Sra. alcaldesa: seguramente será proporcional...

Sra. concelleira: pero proporcional non por número de habitantes senón proporcional por concello?...

Sra. alcaldesa: por número de concellos, no último obradoiro que se fixo foi así, foron tres alumnos..., son poucos, pero tampouco da para moito mais, por desgraza....

Sra. concelleira: debería ser proporcional ao número de habitantes, ao meu entender.

Sra. alcaldesa: esa podería ser unha..., outra cuestión ás veces é tamén a proporción relativa ao número de demandantes de emprego...

Sra. concelleira: tamén...

Sra. alcaldesa: é outro criterio...

Sra. concelleira: é que eu penso que isto está feito a todo correr..., e sen entrar en moitos mais matices.

Logo vostede comprometeuse a procurar a inserción laboral posterior do dez por cento das persoas desempregadas participantes nos proxectos, entendo que cada un se comprometeu ao mesmo, non?.

Sra. alcaldesa: é de obrigado, é dicir, de feito é unha intención que se debe mostrar sempre, ás veces non é posible, porqué ademais non depende tampouco do propio concello esa inserción laboral, porqué non é unha inserción tampouco na propia Administración, pero si que é certo que se puntúa favorablemente o feito da consecución posterior dun posto de traballo, e se ten que tentar que esta xente teña un posto de traballo.

Sra. concelleira: pero de que maneira? onde lle vai buscar vostede o traballo?

Sra. alcaldesa: eu non, será o servizo....

Sra. concelleira: se vostede se compromete, alguén llo buscará, digo eu....

Sra. alcaldesa: non é competencia da Alcaldía e non debe selo, precisamente, pero si os servizos de emprego....

Sra. concelleira: pero é competencia do concello, será dos servizos de emprego que vostede dirixe...

Sra. alcaldesa: municipais, si, si....

Sra. concelleira: vale, non se me ocorre ningunha pregunta mais agora mesmo.

Sra. voceira do PP: realmente sería mellor que isto houbera vido antes a Pleno, pero entendemos a situación, que se asinou onte e que era totalmente imposible que iso sucedese; tamén consideramos que é bo, que se se pide en conxunto é moito mellor e que é necesario que se ratifique o antes posible para que se leve a cabo, e o noso voto vai ser favorable; ademais, dentro dos nosos rogos estaba unha pregunta relacionada co emprego, é unha das nosas preocupacións e sería totalmente incoherente absterse ou votar en contra e logo preocuparnos nos rogos.

Sra. voceira de VB: en primeiro lugar, a convocatoria da Xunta de Galicia é do tres de marzo, estamos a día trinta, aínda que isto vostede o asinara onte, se reunira onte, houbo tempo para ter feito unha xestión un pouco mais pronta deste tema e poder traelo.

Sra. alcaldesa: non, asegúrolle que non...

Sra. voceira: foi imposible que vostedes se reuniran desde o día tres de marzo que saíu no DOGa vostedes non se reuniron...

Sra. alcaldesa: non, e de feito como tal non nós reunimos, o que facemos neste tipo de cuestións é falalo, encargar a unha persoa, falalo por teléfono, e entre todos e demais... porque o tempo... e aínda así a tramitación e preparar o proxecto claro que leva todo isto, solicitar unha...

Sra. voceira: temos ampla experiencia, como acaba de dicir, en obradoiros de emprego...

Sra. alcaldesa: si, si e a pesares diso..., claro ademais é algo que non nos afecta só a nós, somos moitos concellos os que estamos pendentes, por iso que moitas veces chegamos no último momento, claro...

Sra. voceira: neste caso imos sete concellos, Bergondo e seis mais...

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: xa di vostede que é unha fórmula que ultimamente..., si a de cooperación con outros concellos eu recordo estar dous, tres concellos...

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: esta vez son sete por algo especial, porque non fixemos de tres en tres? non fixemos de dous en dous?...

Sra. alcaldesa: tamén por unha cuestión de puntuación, unha cuestión de interese e ademais neste caso porque afecta á Reserva da Biosfera e todos estes concellos son participantes, o último obradoiro que se fixo, no que participamos, eramos cinco, se non me falla a memoria, no que se acaban de entregar os diplomas, e agora pois efectivamente sete...

Sra. voceira: son sete pero poderían haber ido tres nun grupo e tres noutro, porque vostede pense que son para sete concellos, vinte prazas...

Sra. alcaldesa: e non nolo darían, señora concelleira, é que ese é o tema, porque ademais é un tema fundamentado neste caso para unha cuestión relacionada coa Reserva da Biosfera...

Sra. voceira: a dotación orzamentaria deste obradoiro é de douscentos oitenta e catro mil pero se piden dez mil euros menos, é unha solicitude... é intencionada a redución ou é un despiste dunha cifra; mire, no apartado primeiro di..., aprobar un orzamento inicial de douscentos oitenta e catro mil novecentos cincuenta e nove, pero logo abaixo pon... no cuarto...

Sra. alcaldesa: non, ese é unha achega do Concello de Abegondo, si.

Sra. voceira: como que unha achega? aquí di solicitar conxuntamente...

Sra. alcaldesa: a diferenza, si

Sra. voceira: o sexa pérdense dez mil euros intencionadamente...

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: e despois, o feito de que o Concello de Bergondo, manifeste que non vai realizar achega de fondos propios, é unha cuestión voluntaria? tamén vai na convocatoria? ou é algo que non quere facer

Sra. alcaldesa: non, de feito se fora obrigatorio e..., nalgúns obradoiros así o fixemos e tiñamos que facer despois o pagos e neste caso ao Concello de Abegondo, haberá tres anos ou así, se non me falla a memoria neste caso non vai ser necesario.

Sra. voceira: o sexa, non o facemos porque non é necesario

Sra. alcaldesa: non, a ver, si tiveramos que achegar algo estaríamos en dispoñibilidade de poder facelo, claro....

Sra. voceira: está dicindo que non o vai facer, se logo pode cambialo...

Sra. alcaldesa: xa, xa....

Sra. voceira: eu o comentario final sería que me parece increíble que con esta actuación que..., efectivamente será boa para quen ao final leve a fortuna de ser elixido, pero temos que ser conscientes de qué nos poden corresponder dous coma oito alumnos, con este procedemento...

Sra. alcaldesa: igual que no último que foron tres, efectivamente, pois os obradoiros de emprego onde eran vinte alumnos ou vinte e cinco dun só concello, xa hai moito tempo que non existen e polo tanto está ben que polo menos exista esta posibilidade e esta forma.

Sra. voceira: unha ultima cousa, o tempo é nove meses..., un ano..., creo que non o vin, pode que estea....

Sra. alcaldesa: debería estar, porque ademais nos últimos obradoiros adoitaban ser xa de catro ou seis meses, e supoño que será tamén o de sempre...

Sra. voceira: non importa, nada mais.

Sra. concelleira non adscrita: se me permite, é que me chama a atención que antes non vira esta diferenza económica, son exactamente cinco mil euros, iso ten que haber algunha razón para que sexa esa cifra, que non é ningunha porcentaxe de nada....

Sra. alcaldesa: que exactamente sexa esa...

Sra. concelleira: si, dígoo por se está incorrecto o documento e temos que volver ratificalo no vindeiro pleno, ou mañá....

Sra. alcaldesa: non creo, pero é certo que nós non fixemos a proposta pero comentaremos esta...

Sra. concelleira: ou se Abegondo por poñer eses cinco mil euros se leva outras vantaxes adicionais...

Sra. alcaldesa: non...

Sra. concelleira: é que se pode entender que isto estea..., a min non me deu tempo a lelo, vino aquí...

Sra. alcaldesa: efectivamente acaban de velo agora, ao sentarse.

Sra. concelleira: claro, é dende logo todos estamos a favor de que se xere emprego, e de calidade por suposto, pero o de "aquí te mato" e sen informe de ningún tipo..., se o asinaron onte polo menos poderían ter mandado onte o borrador, independentemente de que hoxe se falase do tema, para poder lelo.

Sra. alcaldesa: ben, consultaremos a cuestión esa dos cinco mil euros.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor**, que represnetan a maioría absoluta do número legal de mebrs da Corporación, consonte o dispoto no artigo 47.2.h) da LBRL

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

*O sr. Babío Veiga, abandona a sesión antes do comezo do punto 11, sendo as 22:00 h.*

## 11. ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de que os concelleiros pasen a expoñer os seus rogos e preguntas a señora alcaldesa manifesta: por unha cuestión formal algo que quero indicar, que hoxe se presentan para resposta no Pleno polo menos corenta e dúas preguntas por parte de Veciños de Bergondo e trinta e tres por parte do Partido Popular; dado que non temos un límite fixado, non temos Regulamento orgánico municipal, pois xa adianto qué as respostas van ser breves e incluso van ser telegráficas, e que esas preguntas non se debaten, así qué se vostedes preguntan outra ao abeiro da reposta, entenderase que se responderá no seguinte Pleno.

Por parte do grupo de Veciños de Bergondo foron presentadas no Rexistro Xeral o día 28 de marzo de 2017, núm. entrada: 2470, pasa a expoñelos a Sra. concelleira do dito grupo, Alicia M.<sup>a</sup> Souto Ramos, son os seguintes:

Sra. concelleira: non temos réplica, entón...

Sra. alcaldesa: é que non hai réplica, son preguntas...

Sra. concelleira: xa o sei, xa sei que son preguntas..

Sra. alcaldesa: porqué senón se converterían en vez de corenta e dúas, serían cento cincuenta...

Sra. concelleira: pero corenta e dúas..., vostede xa sabe que trinta e sete, se mal non recordo, foron do Pleno anterior.

Sra. alcaldesa: se foran trinta e sete estaría facendo o mesmo comentario.

1º *¿Algún avance en el estado de legalidad que se encuentran los locales, La Fuente y Olimpo? ¿están haciendo todo lo posible para no caducar otra vez los expedientes? Se pretende legalizar con el cambio de las normas.*

Sra. alcaldesa: estamos á espera dunha sentenza firme de peche, non van a caducar, e o concello non pretende legalizar nada, o que queiran e poidan facer no futuro en todo caso xa se verá

2º *Algún avance en el supuesto documento que dicen en prensa que existe pero que desconocemos acerca de las mejoras en el estado de la nacional VI a su paso por Bergondo*

Sra. alcaldesa: nós en prensa non dixemos tampouco que existise, senón que se estaba traballando nun proxecto, o mesmo que nos dixeron hoxe os responsables de Fomento e o subdelegado do Goberno; o proxecto se someterá como lles dixemos no seu día a información pública e entón será cando tamén se verá aquí, de feito nós non dispoñemos do proxecto; o sexa, nin do proxecto, que non está aínda definitivo nin do avance.

3º *Algún avance en la reparación del tubo de salida de pluviales de la playa de Gandario que está roto y desenterrado y ya finalizaron las obras de saneamiento*

Sra. alcaldesa: estamos estudando diferentes opcións con Costas, e incluso tamén coa Xunta de Galicia.

4º *Algún avance REAL del proyecto para adoptar las medidas aprobadas en pleno a través de la Moción de Veciños de Bergondo para garantizar la seguridad en la cp813 en Lubre rio mayor, se las recuerdo: dotar de rotonda y eliminar la acumulación de agua? Estamos en otoño en breve tendremos un lago.*

Sra. alcaldesa: estamos en outono?

Sra. concelleira: xa estamos en inverno.

Sra. alcaldesa: ah!!!, claro, o que pasa pegamos...

Sra. concelleira: primavera....

Sra. alcaldesa: copiamos e pegamos..., estabamos en inverno no mes pasado e aínda dicían que estabamos no outono, acaba de entrar a primavera e efectivamente aínda seguimos no outono, ben....

A petición feita polo goberno municipal, por certo, e que xa se falou e falara durante hai anos cos técnicos e políticos da Deputación, dunha pequena rotonda, senón falla nada pois mañá vai a Pleno.

Sra. concelleira: da Deputación?

Sra. alcaldesa: si

6º *Algún avance para actuar en Moruxo en la casa en ruinas y que se aprobó en pleno a través de la Moción de Veciños de Bergondo para evitar daños a los vecinos colindantes por estar en estado de ruina?, se trata de un emplazamiento urbano que el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones .*

Sra. alcaldesa: prevaricación por *dejación* de funcións, pois mire, non intenten enganar a nadie, porqué aquí ninguén incorre en prevaricación por deixación de funcións, e non, aínda está en estudo.

Sra. concelleira: en estudo? vai larga a carreira, estamos en ello, bueno....

7º *Algún avance con los caminos que todavía están sin bachear? Plan, descripción inversión ..*

Sra. alcaldesa: se están bacheando, como podería comprobar.

Sra. concelleira: vale, de acordo.

8º *Cual es el grado de cumplimiento del presupuesto 2016?*

Sra. concelleira: esta xa lla fixo o Partido Popular.

10º *Algún avance en la reparación de los parques infantiles que aún faltan por adecuar?.*

Sra. concelleira: como por exemplo o de Covas, que aínda segue asilvestrado.

Sra. alcaldesa: dotamos de Partida ao Orzamento do 2017, estamos executando, pedindo diferentes orzamentos, autorizacións, etcétera; de feito mais do oitenta por cento dos parques xa están amañados

11 º *Algún avance de la playa del Regueiro y su recuperación?, decían que se harían medidas correctoras decían que antes del invierno tendríamos noticias, pero no nos dijeron de que año.*

Sra. alcaldesa: pois aquí tamén estamos esperando a ver o contido do proxecto que foi encargado por Costas, e temos tamén demandado esas medidas provisionais.

12º *Algún avance para atajar la gravísima contaminación de ECOLI en el Regueiro? Usted misma reconoce pleno a pleno que NO se ha hecho nada mas que esperar a realizar alcantarillados pero se han hecho medidas de fecales? el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones.*

Sra. alcaldesa: unha vez mais o concello non incorre en prevaricación algunha, polo tanto non enganen vostedes...

Sra. concelleira: nós non enganamos.

Sra. alcaldesa: vostedes enganan, e unha vez mais as accións que se teñen que facer son sobre todo as tendentes ao saneamento, á realización dos proxectos de saneamento e ás acometidas, a conexión das acometidas.

13º *Algún avance para erradicar los vertidos en Gandario? el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones.*

Sra. alcaldesa: pois unha vez mais non estamos incorrendo en prevaricación algunha e se están facendo os enganches á rede de alcantarillado.

Sra. concelleira: ben

14º *Algún avance para separar las fecales y pluviales de Fiobre y evitar los desbordes en la red de saneamiento?*

Sra. alcaldesa: non nos constan eses desbordes que vostedes din.

Sra. concelleira: pois mire, eu pódolle dicir un moi concreto; na baixada da escola de Fiobre, sabe? centrase?

Sra. alcaldesa: estamos en preguntas.

Sra. concelleira: sabe onde é Fiobre?

Sra. alcaldesa: ten vostede algunha pregunta mais?

Sra. concelleira: si, porqué ese rexistro cada dous por tres, cando chove, vota auga para arriba, e por exemplo, estes días que fixo bo tempo....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, non a debate nunha pregunta...

Sra. concelleira: pero estoulle dando unha queixa...

Sra. alcaldesa: non, non, non a debate nunha pregunta...

Sra. concelleira: pero non existe iso en Fiobre....

Sra. alcaldesa: faga vostede despois un rogo se quere.

Sra. concelleira: vale

15º *Algún avance en las demandas de la policía Local.?*

Sra. alcaldesa: si, algún avance si, pero aínda quedan temas pendentes.

16º *Algún avance para dotar de la infraestructura que falta a los vecinos de Lubre para que puedan conectarse al alcantarillado es la única parroquia sin un solo vecino conectado?*

Sra. alcaldesa: pois mire, o feito de que vostedes pregunten todo isto nos plenos non vai facer que o proceso sexa mais rápido, e se está tramitando, como vostedes saben, o proxecto do paseo fluvial do río maior que conecta a rede existente, porque leva tubaría de saneamento para logo despois facer os enganches, é unha tramitación lenta; volva vostede a preguntarme no seguinte pleno e a resposta será a mesma.

17º *Algún avance para conocer las soluciones a la separación de pluviales y fecales en la EDAR del Polígono Industrial ?*

Sra. alcaldesa: temos solicitado un orzamento que será moi estimativo, pero aínda non está presentado.

18º *Algún avance para limpiar las parcelas municipales el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones?.*

Sra. alcaldesa: unha vez mais, non incorremos en prevaricación algunha e si se están limpando as parcelas municipais, aínda que é certo que non están todas limpas.

19º *algún avance para retirar el coche dado de baja de la policía local sigue tirado en una finca municipal rodeado de maleza, el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones?*

Sra. alcaldesa: non incorremos en prevaricación algunha, unha vez mais, e repítolle o mesmo, hai persoal de baixa e non podemos atender a todo o diligentemente que quixeramos.

Sra. concelleira: pero hai o coche de baixa?

Sra. alcaldesa: é outra pregunta?

Sra. concelleira: non

20º *algún avance para separar las fecales y pluviales de la urbanización Baldomir y evitar los desbordes del bombeo de Loureda el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones.?*

Sra. alcaldesa: non estamos incorrendo en delito algún por prevaricación de funcións, e si, xa temos feito algún avance.

Sra. concelleira: vale.

21 º *algún avance para limpiar mas asiduamente la senda de Fiobre al Pedrido?*

Sra. alcaldesa: limparase igual que o resto das sendas e das beirarrúas cando lle vaia tocando.

22º *algún avance en la redacción por segunda vez de la RPT? .*

Sra. alcaldesa: aínda tivemos unha Mesa de traballo hai dez días, si imos avanzando xa co borrador.

23º *algún avance en la auditoria del agua o auditoria a Viacua*

Sra. alcaldesa: aínda non temos os datos.

24º *¿algún avance para separar las fecales y pluviales en Pisan*

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: pode dicir algunha?

Sra. alcaldesa: esa é outra pregunta, non?

25 *algún avance en la obra de Saneamiento de la Cruz del Sar el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones y además en materia de PRL*



Sra. alcaldesa: pois non, non incorremos en prevaricación ningunha e estamos aínda pendentes de informes.

Sra. concelleira: mire unha cousa, esta obra é do ano 2014, se mal non recordo; estamos no ano 2017 e non se sabe nada, está sen rematar e sen dar servizo aos veciños.

*26 algún avance para atajar la zanja abierta para el Saneamiento, en Abanca el ayuntamiento no está haciendo nada incurriendo en un delito de prevaricación por dejación de funciones y además en materia de PRL*

Sra. alcaldesa: o mesmo que o anterior, non estamos incorrendo en delito de prevaricación algún.

Sra. concelleira: tampouco se lle está dando un servizo e hai bastantes problemas con esas aceras pola serie de furados que ten, pero bo....

*27 algún avance para atajar la zanja abierta para el Saneamiento en la entrada a la Urbanización Casal da Senra.*

Sra. alcaldesa: o mesmo que a resposta anterior

*28 Podría contarnos con detalle que ocurrió con el muro que el Concello debe demoler en A Lagoa y que consecuencias legales tiene para el mismo además cuanto nos va a costar a los vecinos esta mala praxis.*

Sra. alcaldesa: pois no seu día se concedeu unha licenza que contaba con todos os informes favorables, pero é certo que nun contencioso o xuíz ditaminou que se debía demoler, estamos aínda traballando na mellor solución cos propietarios....

Sra. concelleira, Caseiras Arroyo: no os ganamos todos entón....

Sra. alcaldesa: non, pero ao mellor vostedes darían unha licenza cos informes..., ou non darían unha licenza cos informes favorables.

*29 Notificamos el grave peligro que los eucaliptos colindantes al cementerio de Lubre están a producir en dicho espacio, caída de ramas de grandes dimensiones sobre el patrimonio, y no cumplen con las distancias marcadas por ley, algún avance?*

Sra. alcaldesa: está pendente do informe do distrito forestal.

Sra. concelleira: vale

*30 algún avance para ordenar cortar el árbol que hayal lado del lavadero de Fiobre?*

Sra. alcaldesa: non contamos con talalo, cando se poida se vai podar.

Sra. concelleira: leva desde o ano 2014, non... 2010... por aí., o sexa que se vai podar, ben.

*31 Algún avance para que nuestras playas estén en condiciones el próximo verano evitando los vertidos?*

Sra. alcaldesa: si, seguir coas conexións á rede de alcantarillado.

*32º Algún avance para que el Concello cumpla en materia medioambiental ¿Dónde se depositan los restos de podas, obras etc si no tenemos contrato de depósito ni vertedero oficial? Ahora dejamos todo tipo de podas en parcelas municipales concretamente al lado del punto limpio que con empresas cercanas ponen en riesgo de incendio la sequedad de las cortas almacenadas*

Sra. alcaldesa: estamos pendentes de recibir orzamentos.

*33º Por que en caminos asfaltados por el Concello de Bergondo durante años en los que se doto de traída de agua alumbrado gratuitamente ahora se les dice que el camino no es público y deben abonar el trazado del saneamiento en Moruxo*

Sra. alcaldesa: no seu día, durante moitos anos, era práctica habitual que se asfaltara todo o que se solicitaba, e non había costume de pedir ningún tipo de informe sobre a titularidade; deberían vostedes saber, ou polo menos os seus compañeiros, que esta práctica xa é habitual nos últimos anos e si se piden eses informes de titularidade e por se hai

dúbidas, neste caso, de que sexan públicos e constan que son privados, non debemos abonar entre todos esas cantidades.

É certo que moitas veces hai dúbidas na titularidade dos camiños, por iso tamén estamos levando a cabo o inventario.

34° *El camino en Miodelo nº 3 que es publico reparado en numerosas ocasiones, ¿porque está en , total abandono y se le retiro el punto de luz a los vecinos que se colocó hace más de 20 años, están penalizados por algo?*

Sra. alcaldesa: non, non hai penalización algunha.

35° *Tienen constancia del hundimiento nuevamente por culpa del alcantarillado en las carretera de Armuño alguna pevisión*

Sra. alcaldesa: amañarse cando se poida.

36° *Tenemos ya el inventario de Fuentes y lavaderos programa estrella del pacto*

Sra. alcaldesa: programa estrella.... eu non lle chamaría así, hai moitas aclaracións, pero non, aínda se está traballando no documento.

37° *Que pasa con la escuela unitaria de Lubre, cumplido un año de su cierre por que estaba en grave riesgo, seguimos en las mismas mucha prensa y gastar dinero de más para tapar una mala acción, le ruego nos detalle por escrito cuánto cuesta la reparación de la misma, cuánto cuesta el servicio de bus y si después son capaces de sacar conclusiones de su gestión cual es. Vale la pena gastar dinero a lo loco de los vecinos para pagar silencios y apoyos?*

Sra. alcaldesa: mire, o custo da reparación o poden vostedes comprobar no Perfil do contratante, vostedes asisten ás Mesas de contratación, vexo que para nada, porque está claro que no se enteran; nós o que non facemos baixo ningún concepto é pagar silencios, ao principio de curso nos reunimos con todos os pais, ou nais, había algúns que tiñan dificultades e directamente non poderían levar os nenos á escola de Carrio, que era a alternativa que había naquel momento, e polo tanto se propuxo unha solución; non é a mellor solución obviamente lle está custando moito ao concello, a cantidade non está definida porque ademais aínda seguimos, pero non, nós non pagamos silencios, como ao mellor farían outros. Isto faise por unha cuestión de seguridade, nada mais.

Sra. concelleira: mire, algúns teñen mais escola outros temos menos, pero se cadra decatámonos mais do que debíamos, o sexa que a min no me diga que se eu veño a unha Mesa de contratación me entero ou non me entero de nada...

Sra. alcaldesa: a vostede ou a calquera do seu grupo, estou dicindo que son públicos...

Sra. concelleira: pois parece..., voulle dicir unha cousa...

Sra. alcaldesa: pregunta seguinte, se non se enteran vostedes non nos boten a culpa a nós...

Sra. concelleira: a ver do que nós enteramos ou quen se entera ou non...

38° *Se realizó o pidió un estudio analítico comparativo de la salud de nuestras playas, para comparar con el publicado por la Xunta de Galicia, cuyo resultado no son de su gusto*

Sra. alcaldesa: obviamente non son do noso gusto..

Sra. concelleira: nin do de ninguén...

Sra. alcaldesa: entendo que ao mellor a vostedes si....

Sra. concelleira: encargouno?

Sra. alcaldesa: non, non se fixo esa comparativa porque esas analíticas, como ben comentei anteriormente, debense facer no verán.

39° *Se van a limpiar las playas para Semana Santa?*

Sra. alcaldesa: como todos os anos.

40° *La tala de árboles que se realizan en el Monte de Santa Marta, colindante a la AC164, desde de finales del verano 2016, sigue sin adecuarse a normativa, sería una buena oportunidad para limpiar y mantener el antiguo camino de la carretera a la capilla de Santa Marta.*

Sra. concelleira: que pasou? o maderista deixou aval? non o deixou? porque non o limpou?

Sra. alcaldesa: entendese como unha pregunta a maiores.

Sra. concelleira: que actitude ten, por favor..., a ver, era unha tala legal?

Sra. alcaldesa: señora concelleira....

Sra. concelleira: eu fixen unha pregunta?

Sra. alcaldesa: vale, é unha pregunta que non está rexistrada coas vinte e catro horas de antelación..

Sra. concelleira: estas?

Sra. alcaldesa: non é unha pregunta?

Sra. concelleira: si

Sra. alcaldesa: vostede me acaba de dicir agora porqué non se limpou, iso non figura na pregunta.

Sra. concelleira: *La tala de árboles que se realiza...*, vólvolle a dicir porqué ao mellor non se entera....

Sra. alcaldesa: ao mellor é vostede, pode ser... a ver....

Sra. concelleira: imos ler outra vez.... *la tala de árboles que se realiza en el Monte de Santa Marta, colindante con la AC164, desde finales del verano de 2016, sigue sin adecuarse a normativa, sería una buena oportunidad para limpiar y mantener el antiguo camino de la carretera a la capilla de Santa Marta.*

Sra. alcaldesa: punto e final, e entendo iso, como moito, como un rogo, onde está a pregunta?

Sra. concelleira: perfecto.

41° *En la desembocadura del Río Cabanes, al lado de un viejo molino, se ha realizado una tala indiscriminada de Abeneiros, quien autorizo y superviso esta tala? El cauce del rio está colapsado por los restos de la tala.*

Sra. alcaldesa: está autorizada por Augas de Galicia, pero nos consta que hai uns días que aínda non remataran.

Sra. concelleira: por Augas de Galicia?

Sra. alcaldesa: si

42° *En el Quintan Parroquia de San Vicente de Moruxo existe un lavadero que actualmente está lleno de maleza y algunos desaprensivos lo usan de vertedero, tiene pensado recuperar el espacio*

Sra. alcaldesa: imos recuperando espazos pouco a pouco.

Sra. concelleira: soamente unha mais que se nos esqueceu rexistrar, se quere como un rogo. Podíanos facilitar algunha información sobre a investigación das pintadas que se fixeron en carnavales, en mobiliario do concello?

Sra. alcaldesa: é un rogo ou unha pregunta?

Sra. concelleira: estoulle dicindo, pódeme comentar algo?, porqué vostede acusou a alguén...

Sra. alcaldesa: de qué?

Sra. concelleira: de quen foran as pintadas.

Sra. alcaldesa: non...

Sra. concelleira: non acusou a ninguén?

Sra. alcaldesa: non, non... de que alguén se alegraba desas pintadas...

Sra. concelleira: non, non señora non....

Sra. alcaldesa: non de que fose o causante...

Sra. concelleira: non acuse a ninguén sen ter probas, porqué existe a xustiza, acusar a unha persoa sen probas....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, ten algún rogo ou pregunta mais? non houbo acusación algunha que lles puidera incumbir a vostedes iso que pensa.

Sra. concelleira: si...

Sra. alcaldesa: outra cousa é que vostedes se alegraran, e iso é o que nós dixemos...

Sra. concelleira: pero en prensa saíu que vostede dixu que era de Veciños de Bergondo...

Sra. alcaldesa: o que dixemos, señora concelleira, era que os únicos que utilizaron politicamente ese tema era Veciños de Bergondo...

Sra. concelleira: politicamente non...

Sra. alcaldesa: e iso o continuo a dicir, foron os únicos que o fixeron.

Sra. concelleira: soamente unha última..., dous minutos..

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: que hoxe, pese a que vostede sae por.... sabe deus por onde... nas preguntas, voume contenta porqué tanto.... parece ser que o grupo socialista, ou o grupo de Anova...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, estamos en rogos e preguntas...

Sra. concelleira: simplemente agradecer....

Sra. alcaldesa: é un rogo?

Sra. concelleira: vou dar as grazas..., alguén se deu conta dos vertidos....

Sra. alcaldesa: non ten nada que agradecer

Sra. concelleira: hai mais de seis anos que existen no Regueiro...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, non está vostede no uso da palabra, que estamos en rogos e preguntas...

Sra. concelleira: grazas polo trato que dá, especialmente a Veciños de Bergondo, moi agradecida...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, xa está; se vostedes se aproveitan de que non existe un Regulamento, nós tamén contestamos o que consideramos....

Por parte do grupo do Partido Popular foron presentadas no Rexistro Xeral o día 29 de marzo de 2017, núm. entrada: 2547, pasa a expoñelos a Sra. voceira do dito grupo, Noelia Fernández Ventureira; antes de comezar manifesta:

Sra. voceira: antes de empezar cos rogos e preguntas, se non lle importa quero facer mención a unha pregunta que fixeron desde Veciños de Bergondo en relación á escola de Lubre, é que desde o ano pasado, no mes de marzo que houbo o percance coa escola de Lubre xa pasou un ano, e non é normal estar un ano para amañar un tellado, xa que isto, aparte de supoñer un problema para as familias, tamén ten un custo económico para o concello....

Sra. alcaldesa: e iso é un rogo ou unha pregunta?.

Sra. voceira: non, non é nin un rogo nin unha pregunta, simplemente...

Sra. alcaldesa: é que estamos en rogos e preguntas, por iso lle vou dicir o mesmo que lle dixen, céntrense nos rogos e preguntas, porqué non vai haber lugar a debates a partir das preguntas, se vostedes....

Sra. voceira: non se preocupe, que só temos...

Sra. alcaldesa: para iso temos as mocións, para despois debater o que queiran.

Sra. voceira: non se preocupen, que só é un inciso e posteriormente xa comezo. Vostedes dicían que os rapaces...

Sra. alcaldesa: señor concelleira, ou toma a palabra realmente para rogos e preguntas...

Sra. voceira: é que se non nos deixa falar..

Sra. alcaldesa: é un rogo?

Sra. voceira: o que vostede non quere é que falemos, porqué o ano pasado non coñeciamos o informe do técnico...

Sra. alcaldesa: señora concelleira...

Sra. voceira: e aínda así os rapaces terminaron o curso nesta escola....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, a ver escoite... por unha cuestión formal tamén, porqué parece que aquí non damos aprendido, entón, por unha cuestión formal no apartado de rogos e preguntas vostedes preguntan e o goberno responde, ben, e xa digo, calquera outra cuestión..., está vostede propoñéndome algún rogo?, porqué se vostede está emitindo unha opinión, non é o apartado onde se ten que emitir, e isto non é un debate nas preguntas.

Por iso unha vez mais, doulle a palabra para qué por favor vaia aos rogos e preguntas.

Sra. voceira: vale, non é un debate, pero tampouco nos está deixando mostrar a nosa opinión respecto aos temas.

Sra. alcaldesa: por suposto que si

Rogos:

1. Arreglo de los tornillos que están sueltos en las planchas metálicas del paso de peatones en donde esta el semáforo en Guísamo.

Sra. voceira: en Casilda, tamén na panadería

2. Instalar señales que prohíban el aparcamiento en la distancia que marca la normativa a los coches aparcados al borde de los pasos de peatones.

3. Rogarnos que se proceda al arreglo del semáforo situado en Santa Marta justo antes del paso de peatones (enfrente al pazo de O Casal).

4. Solucionar el problema de canalización de aguas de la carretera de la Pedrosa.

5. Limpieza de las escaleras que se encuentran al lado del centro social de Fiobre.

6. Arreglo de las redes de las pistas deportivas de Fiobre que suponen un gran peligro para las niñas y niños que juegan allí.

7. Asfaltado del camino que pasa por los números 10 A, B y C de Vixoi. Se comprometieron en sesión plenaria del año pasado a llevar a cabo esta acción.

Sra. alcaldesa: e se incluirá no proxecto que se está preparando de regas, como lles anunciei tamén no anterior Pleno.

Sra. voceira: pois así o comunicaremos.

8. Instar a la entidad correspondiente a la instalación de una parada de bus para la línea Sada-Betanzos enfrente a la oficina del BSCH de Carrio.

Sra. alcaldesa: entendo que iso non debe ser cunha petición individual.

Sra. voceira: é petición veciñal.

Sra. alcaldesa: non, non tanto como unha petición individual, enténdame, senón nun conglomerado dentro do novo estudo completo porque ademais se están facendo agora cuestións relacionadas co transporte na Xunta, que é quen realmente é competente neste caso. Pero de todos modos o tomamos como unha petición.

9. Arreglo del bache situado en la carretera de Gandarío que sube hacía el aparcamiento. Esta situado a la orilla de un muro con hortensias.

Preguntas:

1. ¿En que situación se encuentran las viviendas que la Sareb tiene a la venta en A Campiña?

Sra. alcaldesa: pois ao día de hoxe esas vivendas, ou o que queda delas, se poderían rematar; teñen unha licenza que aínda está en vigor, porque non se fixo tampouco caducidade, e nós consta que viñeron varias persoas interesadas persoalmente a pedir información. Nós o que estamos desexando é que un o varios promotores as rematen.

Sra. voceira: vale; non quero que me conteste, sei que non o vai facer, pero para que quede para o seguinte pleno se lle parece ben, ou como vostede o desexe, fágolle outras preguntas respecto a isto. Porque nesa parcela se constrúe oito vivendas cando realmente son seis as que teñen esa licenza...

Sra. alcaldesa: está vostede segura? de que teñen seis...

Sra. voceira: eu llo estou plantexando para que...

Sra. alcaldesa: non, vostede está dicindo que porque se construíron oito cando hai licenza para seis.

Sra. voceira: esa é a información que nós temos, de todas formas expóñolle a información e vostede respóndeme cando considere.

Actualmente teñen á venda seis vivendas, poden obter os posibles compradores destas vivendas licenza para continuar coas obras e obter a licenza de ocupación?. Nunha nota de prensa di que hai unha cesión feita por parte da Sareb ao concello, para obrar nesta parcela, gustaríanos saber tamén cal é esa cesión. E se se iniciou algún expediente de reposición de legalidade urbanística.

2 *¿En que estado se encuentra el estudio para la creación de un transporte entre las parroquias de Bergondo solicitado por nuestro grupo?*

Sra. alcaldesa: como nestes meses está habendo movementos no Plan de transporte de Galicia, iremos traballando conxuntamente coa Dirección xeral de mobilidade.

3 *¿Han iniciado algún trámite para la inclusión de Bergondo en el Centro de Información a la Mujer a consecuencia de la aprobación de nuestra moción en sesión plenaria?*

Sra. alcaldesa: unha moción que contou con dous votos a favor e once abstencións; non, xa manifestabamos nesa moción e nesa sesión plenaria a nosa postura e non criamos que fose necesaria.

Sra. voceira: que non sexa necesaria nun momento no que hai unha onda de violencia cara a muller increíble, que non so se manifesta en asasinatos, senón...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, preguntas..., non é o que despois vostede pense das respostas.

4. *¿Cuántos enganches están previstos que se realicen a la depuradora de Gandarío? ¿ cuántos se han realizado?*

Sra. alcaldesa: aínda non están cuantificados.

5 *Qué problema existe en A Lagoa para que con tiempo seco discurra el agua por la carretera?*

Sra. alcaldesa: pois como en moitas zonas do concello, nace auga.

Sra. voceira: un ano con ese problema....

6 *¿Hay alguna novedad en el desarrollo del Polígono de Obra de Paño?*

Sra. alcaldesa: recentemente se presentou o Peri, Plan Especial de Reforma Interior, e agora adaptado xa ás condicións do informe de Medio Ambiente da Xunta, agora mesmo está pendente de informe técnico e xurídico, e despois terá que ter aprobación inicial

7 *¿Hay algún avance en el inventario de bienes?*

Sra. alcaldesa: xa lle contestamos a Veciños de Bergondo, aínda estamos traballando no documento.

8 *¿Se ha solucionado el tema de la plantación de eucaliptos de Vixoi?*

Sra. alcaldesa: aínda está pendente do informe xurídico, no proceso xurídico no distrito forestal de Betanzos.

9 *¿Se ha presentado algún proyecto o borrador para el entorno de la rotonda de Os Condes del que hablaron en prensa?*

Sra. concelleira: igual non queda moi claro ao que nos referimos coa pregunta, porque realmente ao que nos referimos é a unha noticia que sae en setembro, onde dicía que o concello tramitaba unha modificación no planeamento para instalar un supermercado e a construción de bloques de vivendas en Os Condes.

Sra. alcaldesa: non, aínda non hai proxecto nin tampouco un borrador.

10 *¿Cuándo van a informar sobre la modificación de las normas subsidiarias?*

Sra. alcaldesa: informamos no seu día na Comisión informativa, polo tanto o procedemento está seguindo o seu curso e cando teñamos o documento definitivo terá que volver á Comisión.

Sra. concelleira: espero que informen tamén á poboación.

Sra. alcaldesa: por suposto.

11. *¿Cuándo tienen previsto presentar el borrador del PXOM que iba a ser exhibido a la ciudadanía en el mes de Septiembre?*

Sra. alcaldesa: pois dixéronos que previsiblemente en abril, esperemos iso.

12. *¿Cuánto se ha gastado el ayuntamiento de Bergondo en relaciones con la prensa y redes sociales?*

Sra. alcaldesa: quince mil douscentos cincuenta euros no ano 2016.

13. *¿Nos puede decir el importe de la comida de mayores del año 2016, nos dijo "sobre" 17.000 conoce ya el importe exacto?*

Sra. alcaldesa: si, a do 2016 foron dezaioito mil trescentos euros.

Sra. concelleira: simplemente porqué a min non me coinciden os datos, para dicir os que teño eu e a ver se coinciden; mire...

Sra. alcaldesa: non teño o desglose...

Sra. concelleira: pero lle comento, eu os teño aquí. En contratos menores aparece que en envellecemento activo hai un gasto, o sexa un pago que se fai polo concello, de vinte mil oitocentos noventa con noventa e catro, que é do mes de xuño de 2015, e despois no 2016, tamén por envellecemento activo, aparece unha cantidade que é vinte mil setecentos noventa e un con dezasete euros, iso correspondese á comida dos maiores?

Sra. alcaldesa: realmente tería que ver o decreto, pero non; sería nada mais unha parte. Probablemente ese será o contrato, se é do mes de xuño será parte a comida de maiores e parte o resto de actividades de envellecemento, entendo..., pero tería que ler o contido do decreto.

Sra. concelleira: claro, sae en canto esa comida..., polo tema das cuncas de barro, que son mil oitenta e nove euros, e despois sae o tema de Encontro de persoas maiores, quince menús cincocentos oitenta e catro con noventa e tres euros, e se realmente isto fora así, ao sumalo saen case vintecatros mil euros, que serían case catro millóns das antigas pesetas, por iso digo...

Sra. alcaldesa: non

Sra. concelleira: vale.

14. *¿En que revista de turismo se ha insertado un anuncio por un importe de 1.149,50 euros?*

Sra. alcaldesa: revista Turismo Coruña

Sra. concelleira: a próxima ocasión, por favor, polo menos publicíteo en redes sociais para que poidamos coñecela.

15. *¿Cuánto ha sido el gasto total de la pasada edición del festival folk?*

Sra. alcaldesa: vintecinco mil cincocentos euros.

Sra. concelleira: a nós aí tamén nos sae outra cantidade, trinta mil novecientos sesenta e tres con oitenta oito, sumando grupos, publicidade, talleres...

Sra. alcaldesa: non descuentan vostedes que parte dos grupos están subvencionados.

Sra. concelleira: de todas formas é un gasto moi elevado, pero volveremos a controlar ese gasto con ese dato.

16. *¿Se está contratando a empresas externas para el desbroce y limpieza de caminos?*

Sra. alcaldesa: non, para camiños polo de agora non, se o vemos necesario no seu momento cando haxa mais carga de traballo, si se fará

18. *¿Qué importe tendrá el curso de voluntariado medioambiental que se va a realizar en Bergondo?*

Sra. alcaldesa: non temos o dato definitivo, non temos aquí o importe.

Sra. concelleira: pero de todas formas, para futuras ocasións, simplemente dicirlle qué desde Xuventude e Voluntariado posiblemente lle faciliten ese curso de forma gratuíta e así non haxa que desabonar un gasto.

19. *¿Cuáles serán las funciones del técnico medioambiental que se va a contratar?*

Sra. alcaldesa: pois entre outras, responsable de dirixir e coordinar o voluntariado ambiental, deseño e planificación estratéxica do territorio no eido do medio ambiente, coordinar accións de divulgación de condutas sostibles medioambientalmente, difundir bondades da reciclaxe, xestionar o tratamento das actuacións de loita contra as especies invasoras, tutelar o mantemento de Rede Natura e demais, cuestións relacionadas obviamente con arquivos, talas, e xa digo, entre outras e o que se poida..., e o que viñamos facendo outros anos, cando tiñamos posibilidades de contar cun técnico a través dunha subvención da Deputación, da Xunta, ou de quen fora.

20. *¿Cuándo tienen pensado convocar la plaza de Policía Local?*

Sra. alcaldesa: o antes posible.

22. *¿Qué actuaciones tienen pensado llevar a cabo en la parcela pública de Moruxo? ¿Nos puede decir que empresa ha realizado las excavaciones en la parcela?*

Sra. alcaldesa: provisionalmente o uso será de parque biosaudable e probablemente ao mellor de parque infantil, iso está pendente de decidir, e a escavación foi feita polo persoal municipal.

23. *¿Cuándo piensan retirar las uralitas que llevan meses depositadas al lado de la playa de Gandario?*

Sra. alcaldesa: canto antes.

Sra. concelleira: dixéranos xa nun pleno que as retiraran e despois posteriormente houbo..

Sra. alcaldesa: de feito eu vinas recentemente, non sei se son as mesmas ou se son outras, pero si que as vin.... vanse retirar.

Sra. concelleira: pero se as retiraron nun primeiro momento, non aparece ningunha factura da empresa que as haxa retirado, cando ten que aparecer unha porque hoxe as uralitas non se poden retirar de calquera maneira, ten que ser unha empresa especializada, e que non supoña un dano ao medio ambiente....

Sra. alcaldesa: está facendo vostede un debate?

Sra. concelleira: non, pero é que se non nos deixa mostrar as nosas opinións...

Sra. alcaldesa: é que as opinións son nos puntos nos que se expresan opinións.

24. *¿Piensan limpiar los arenales de Bergondo y los alrededores de las playas?*

Sra. concelleira: sobre todo para Semana Santa.

Sra. alcaldesa: xa llo contestei a Veciños de Bergondo; como todos os anos.

25. *¿Se ha iniciado la redacción del proyecto para la remodelación del entorno de la plaza de Santa Marta?*

Sra. alcaldesa: si

26. *¿Podrían decimos un cronograma con los caminos que se van a arreglar este año?*

Sra. alcaldesa: pois dependerá despois no seu momento do director de obra e das esixencias que lle faga ao contratista.

27. *¿Qué acciones se están llevando a cabo en políticas de empleo?*

Sra. alcaldesa: dado que os concellos, como vostedes saben, non temos competencia nas políticas activas de emprego, pois entre outras o que acabamos de ver, solicitar obradoiros..., habitualmente acudir a todas as convocatorias que estean previstas, e que por certo este ano aínda non saíron.

28. *¿En qué fase se encuentra el convenio o acuerdo con la Xunta de Galicia en el Albergue de Gandarío?*

Sra. alcaldesa: temos autorización de uso.

29. *¿Se ha realizado algún trámite para la recuperación de la cala de Moruxo?*



Sra. alcaldesa: si.

Sra. concelleira: poderíase saber cal?

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

30. *¿Tienen alguna actuación prevista en el Puente de Loureda en Guísamo?*

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: pódese saber cal?

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

31. *¿Qué partida presupuestaria tienen prevista para el mantenimiento y arreglo de las fuentes y lavaderos que se están limpiando actualmente?*

Sra. alcaldesa: estase facendo basicamente con persoal propio, o sexa que son as partidas xenéricas de mantemento de camiños, fontes, etcétera.

32. *¿Está utilizando alguien el edificio de la antigua Cámara Agraria?*

Sra. alcaldesa: si

Sra. concelleira: pódese saber quen o está utilizando?

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

Sra. concelleira: moitas grazas.

33. *¿Se ha tomado alguna medida en los terrenos de la empresa Toysal situada en los márgenes del regato de Callou?*

Sra. alcaldesa: si, esixencia de limpeza de parcela.

Sra. concelleira: pero abandonaron a parcela? ... Pois moitísimas grazas pola súa amabilidade.

Toma a palabra a Sra. concelleira non adscrita: vostede deunos conta das sesión que se fixeron no Consorcio das Mariñas, e tamén da Mancomunidad. A miña pregunta é se houbo algunha sesión posterior á do catro de novembro?

Sra. alcaldesa: si, pero como a acta non está aprobada, damos conta das actas aprobadas.

Sra. concelleira: a do catro de novembro está aprobada?

Sra. alcaldesa: si, salvo erro, si.

Sra. concelleira: pois creo que ten un erro bastante importante, porque nomearon vostedes nesa mesma sesión a Manuel Rivas Caridad como alcalde de Cambre..., cargáronse vostedes ao alcalde de Sada..., e falta saber se era unha sesión ordinario ou extraordinaria, déixolle a copia, que a min non me fai falta.

Sra. alcaldesa: pois llo pasaremos ao secretario,

Sra. concelleira: fíxese que abaixo sacaron impreso do ano 2015. Espero que esa mal nacida Mancomunidad non siga desta maneira.

Sra. alcaldesa: non teño mais preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos

V. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez